



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 1 de AGOSTO de 2025

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día un de agosto de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(583).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbanse as actas das sesións ordinarias do 18 e 24 de xullo de 2025. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(584).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “ADECUACIÓN E MELLORA DE ACABADOS DA TOTALIDADE DE ESTANCIAS EXPOSITIVAS DA PLANTA PRIMEIRA DA CASA DAS ARTES”. EXPTE. 2268/441.

Visto o informe de fiscalización de data 24/07/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Adecuación e mellora de acabados da totalidade de estancias expositivas da planta primeira da Casa das Artes” (2268-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de “Adecuación e mellora de acabados da totalidade de estancias expositivas da planta primeira da Casa das Artes” (2268-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 30 de maio de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de “ADECUACIÓN E MELLORA DE ACABADOS DA TOTALIDADE DE ESTANCIAS EXPOSITIVAS DA PLANTA PRIMEIRA DA CASA DAS ARTES”, redactado polo arquitecto D. Francisco Javier Vázquez Fernández.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos proxectos os días 16 e 21.04.2025.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CIENTO NOVENTA E CINCO MIL OITOCENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (195.862,97 €).

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo do exercicio 2025, con cargo á na partida orzamentaria 3331.632.00.11 “INVESTIMENTOS MELLORA NA CASA DAS ARTES”, proxecto de gasto 25333111, segundo a distribución de anualidades proposta:

2025	195.862,97 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 30 de maio de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “Adecuación e mellora de acabados da totalidade de estancias expositivas da planta primeira da Casa das Artes” (2268-441) na seguinte orde descendente:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

	Licitador	Puntuación total
1	CONSTRUCCIONES ABAL, SA	82,27

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES ABAL, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES ABAL, SA, o día 10 de xullo de 2025, que presenta a documentación requirida o 17 de xullo de 2025, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura a constitución da mercantil, o seu obxecto social, o apoderamento do seu representante, así como os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA e a clasificación.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira e da técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo C - subgrupo 4 - categoría 2) presentan a clasificación Grupo C - subgrupo 4 - categoría 5.
- Aval por un importe de 7.851,61 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificados positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 24 de xullo de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES ABAL, SA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES ABAL, SA, de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor, de data 7 de xullo de 2025 e co acordo da Mesa de Contratación, de data 9 de xullo de 2025, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CONSTRUCCIONES ABAL, SA o procedemento aberto para a contratación das obras de “Adecuación e mellora de acabados da totalidade de estancias expositivas da planta primeira da Casa das Artes” (2268-441) por un prezo total do contrato de 190.008,89 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 32.976,75 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(585).- DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE RESTAURACIÓN DAS CUREÑAS DOS CANÓNS DA FORTALEZA DE O CASTRO. EXPTE. 12315/307.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 24/07/2024, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo de restauración das cureñas dos canóns da fortaleza de O Castro (12315-307)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 4 de xullo de 2025 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación do servizo de restauración das cureñas dos canóns da fortaleza de O Castro (12315-307).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 7 de xullo de 2025, rematando o prazo de presentación de ofertas o 22 de xullo de 2025.

Terceiro.- Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 23 de xullo de 2025, non se presentou ningunha proposición a este procedemento.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 24 de xullo de 2025 acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a declaración de deserto deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 LCSP establece que non se poderá declarar deserta unha licitación existindo ofertas ou proposicións admisibles de acordo cos criterios establecidos nos pregos. A sensu contrario, a non existencia de proposicións admisibles leva á posibilidade de declaración de deserta da licitación.

No presente caso, non existen proposicións admisibles xa que non se presentou ningunha, tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 23 de xullo de 2025, o que impide a continuidade da tramitación do procedemento.

Segundo.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1.g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

Cuarto.- A declaración de deserto deberá publicarse no perfil do contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, tal e como dispón o artigo 63.3 da LCSP.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do servizo de restauración das cureñas dos canóns da fortaleza de O Castro (12315-307) por non terse presentado ningún licitador.

Segundo.- Publicar o presente acordo no perfil de contratante en aplicación do establecido no artigo 63.3 da LCSP.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(586).- DECLARACIÓN DE DESERTO DO LOTE 3 DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PROFESIONAIS DE COLABORACIÓN COA INTERVENCIÓN XERAL MUNICIPAL PARA A REALIZACIÓN DE AUDITORÍA PÚBLICA E CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCÍONS PROGRAMADAS DENTRO DOS PLANS ANUAIS DE CONTROL FINANCEIRO. EXPTE. 103028/140.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 24/07/2024, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación dos servizos profesionais de auditoría en colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización das actuacións de auditoría pública e control financeiro de subvencións programadas dentro dos plans anuais de control financeiro do Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes (103028-140)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 4 de xullo de 2025 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación dos servizos profesionais de auditoría en colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización das actuacións de auditoría pública e control financeiro de subvencións programadas dentro dos plans anuais de control financeiro do Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes (103028-140).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 4 de xullo de 2025, rematando o prazo de presentación de ofertas o 21 de xullo de 2025.

Terceiro.- Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 23 de xullo de 2025, non se presentou ningunha proposición a este procedemento para o lote 3: *"Auditoría das contas anuais do organismo autónomo local Xerencia Municipal de Urbanismo"*.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 24 de xullo de 2025 acorda, por unanimidade dos/as membros, propoñer ao órgano de contratación a declaración de deserto deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 LCSP establece que non se poderá declarar deserta unha licitación existindo ofertas ou proposicións admisibles de acordo cos criterios establecidos nos pregos. A sensu contrario, a non existencia de proposicións admisibles leva á posibilidade de declaración de deserta da licitación.

No presente caso, non existen proposicións admisibles para o lote 3: *"Auditoría das contas anuais do organismo autónomo local Xerencia Municipal de Urbanismo"* xa que non se presentou ningunha, tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 23 de xullo de 2025, o que impide a continuidade da tramitación do procedemento.

Segundo.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1.g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

Cuarto.- A declaración de deserto deberá publicarse no perfil do contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, tal e como dispón o artigo 63.3 da LCSP.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Declarar deserto o lote 3: “Auditoría das contas anuais do organismo autónomo local Xerencia Municipal de Urbanismo” do procedemento aberto para a contratación dos servizos profesionais de auditoría en colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización das actuacións de auditoría pública e control financeiro de subvencións programadas dentro dos plans anuais de control financeiro do Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes (103028-140) por non terse presentado ningún licitador.

Segundo.- Publicar o presente acordo no perfil de contratante en aplicación do establecido no artigo 63.3 da LCSP.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(587).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE APERTURA, CONTROL, INFORMACIÓN, MANEXO DE EQUIPAMENTO E PECHE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE. 7495/611.

Visto o informe de fiscalización de data 29/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 28/07/2025, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e conformado pola concelleira da Área de Goberno e a letrada-xefa de Asesoramento, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto dos servizos de apertura, control, información, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto dos servizos de apertura, control, información, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (PPTP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 26 de xaneiro de 2023 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e a apertura do procedemento de licitación para a contratación dos servizos de apertura, control, información, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes (5.280-611).

Segundo.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 5 de maio de 2023, acordou adjudicar este procedemento a INTEGRA MANTEMENTO XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO-GALICIA, S.L. (B-27.715.879) coas seguintes condicións:

- a) “O prezo máximo do contrato é de 3.132.471,54 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 543.652,09 euros.*
- b) Propón unha porcentaxe de desconto do 15,67% a aplicar ao prezo unitario da hora ordinaria recollido no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- c) Propón unha porcentaxe de desconto do 16,28% a aplicar ao prezo unitario da hora nocturna recollido no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- d) Propón unha porcentaxe de desconto do 14,30% a aplicar ao prezo unitario da hora festiva recollido no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP”.*

Terceiro.- O contrato formalizouse o día 1 de xuño de 2023 e a execución do contrato iniciouse o día 5 do mesmo mes, por un prazo de 3 anos, prevéndose 2 prórrogas dun ano de duración cada unha.

Cuarto.- O 6 de xuño de 2025 o adxunto (responsable do contrato) e o xefe do Servizo de Deportes, coa conformidade do concelleiro delegado, solicitan o inicio dun expediente de modificación deste contrato por mor da incorporación da instalación de Samil *"toda vez que cos recursos actuais, dos que dispón a administración, non é posible prestar o servizo de apertura e peche nas instalacións indicadas, sendo necesario realizar a apertura da mesma en horario de tarde de luns a venres, sábados, domingos e festivos, todo elo en función das necesidades operativas do servizo"* (expediente 7.495-611). Este informe foi corrixido o 26 de xuño de 2025.

Quinto.- Con data 10 de xullo de 2025 a concelleira de Área de Goberno de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato. Esta resolución foi notificada ao contratista, INTEGRA MANTEMENTO XESTION E SERVICIOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO-GALICIA, S.L., ao día seguinte.

Sexto.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, este manifestou a súa conformidade coa modificación proposta mediante escrito presentado o 15 de xullo de 2025 (documento nº 250184427).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto dos servizos de apertura, control, información, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto dos servizos de apertura, control, información, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (PPTP)

-II-

Da modificación dos contratos



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

A lexislación de contratos das Administracións públicas reconece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato nas cláusulas 2.5 e 35 e no apartado 15 das Follas de especificacións do contrato do Anexo I (FEC) do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato debido, entre outras circunstancias á *“incorporación de instalacións vinculadas ao ámbito da competencia do Concello de Vigo e non recollidas nas relacionadas no PPT”* (apartado 15.C da FEC), sinalando como aspectos a modificar *“o orzamento máximo”* (apartado 15.B da FEC) establecéndose como límite da modificación o 15 % (apartado 15.D da FEC) e como especialidades, a seguinte: *“para o cálculo da modificación utilizaranse os prezos unitarios recollidos no apartado 3G desta FEC aos que será de aplicación a baixa ofertada polo adxudicatario”*.

A modificación obxecto deste informe vén motivada pola incorporación da instalación de Samil. Informan ao respecto o adxunto e o xefe do Servizo de Deportes, na data 26 de xuño de 2025 o seguinte:

“2.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO

Artigo 204 da LCSP, apartado 15 das FEC, recolle os aspectos para a modificación do contrato segundo o seguinte:

- A) ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO: si
- B) ASPECTOS A MODIFICAR: o prezo do contrato
- C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN: o incremento de actividades deportivas que motiven o incremento da franxa horaria de apertura e a incorporación doutras instalacións non incluídas no PPT
- D) LIMITES DA MODIFICACIÓN: 10%

3.- NECESIDADES DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

Atendendo aos apartado b) aspectos a modificar e c) circunstancias que determinan a modificación, é necesario modificar o prezo do contrato debido a incorporación da instalación de Samil, vinculada as competencias do Concello de Vigo, Concellería de deportes, toda vez que cos recursos actuais, dos que dispón a administración, non é posible prestar o servizo de apertura e peche nas instalacións indicadas, sendo necesario realizar a apertura da mesma en horario de tarde de luns a venres, sábados, domingos e festivos, todo elo en función das necesidades operativas do servizo.

Tendo en conta o que antecede indícase que o número de incremento de horas, en función de necesidades da demanda deportiva, para dar servizo no complexo deportivo de Samil, é de 9.062,50 para o período do 11//08/2025 ata o 04/06/2026, data da finalización do contrato sendo o importe de total de **131.564,46** euros con iva.

Distsribución do incremento por los períodos correspondentes ao ano 2025 e aos períodos do ano 2026.

	PREZOS UNITARIOS € s/ive				
	11,78 €	11,78 €	12,60 €	12,77 €	
Período 2025:11/08/2025- 31/12/2025					
COMPLEXO DE SAMIL	H. ORDINA- RIA M.	H. ORDINARIA T.	H. NOCTUR- NA	H. FESTIVA	TOTAL PE- RÍODO
Horas 2025	1.765,50	1.512,00	311,00	737,50	4.326,00
Coste 2025 €	20.797,59	17.811,36	3.918,60	9.417,88	51.945,43
Iva 21%					10.908,54
SubTotal €					62.853,96



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

Periodo 2026: 1/01/2026-04/06/2026					
Horas 2026	1977,5	1699	352	708	4.736,50
Coste 2026 €	23.294,95	20.014,22	4.435,20	9.041,16	56.785,53
Iva 21%					11.924,96
Subtotal					68.710,49

RESUMEN					
INCREMENTO PERIODO 11/08/2025-04/06/2026					
	H. ORDINARIA M.	H. ORDINARIA T.	H. NOCTURNA	H. FESTIVA	TOTAL PERÍODO
HORAS	3.743,00	3.211,00	663,00	1.445,50	9.062,50
COSTES	44.092,54	37.825,58	8.353,80	18.459,04	108.730,96
IVE 21%					22.833,50
TOTAL €					131.564,46

O incremento do prezo do contrato supón 131.564,46 euros, para o período d do 11/08/2025 ata o 04/6/2026 9 meses e 25 días, o que significa un incremento do 4,20% sobre o prezo inicial do contrato cuxo importe é de 3.132.471,54 € euros, quedando o prezo do contrato ata a finalización do mesmo nun importe de 3.264.036,00 euros con IVE. A modificación financíase con cargo a partida orzamentaria 3420.227.99.18 "Apertura e peche instalacións extrarradio".

Tendo en conta que o contrato actual exp. 5280-611, o orzamento de adjudicación foi de 3.132.471,54 euros para os tres anos de vixencia, ascendendo a anualidade a 1.044.157,18 euros e tendo en conta o gasto actual do contrato no exercicio 2025, e os niveis de execución e gasto no ano 2024 e o crédito existente na partida orzamentaria actual, cun importe actual de 798.842,07€, sendo un contrato en función de necesidades e o nivel de execución real, existe crédito necesario e suficiente no documento económico AD 12025000003243. Sen necesidade de incrementar o crédito para o ano 2025 e o crédito para o 2026 ata o mes o vencemento do contrato o 04/06/2026.

O período de aplicación e de 9 meses e 25 días, ou en todo caso dende a data da sinatura da modificación do contrato ata o 4 de xuño do ano 2026 inclusive. O importe dos servizos que se inclúen dentro desta modificación aboaranse conxuntamente coa facturación mensual das outras instalacións do contrato.

En consecuencia propónse ao servizo de contratación a modificación do contrato nos seguintes termos.

Primeiro: Acordar a modificación do contrato de **APERTURA, CONTROL, MANEXO DE EQUIPAMENTO E PECHE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES**

DA CONCELLERÍA DE DEPORTES (EXPTE: 5280-611) tendo en conta o artigo 204 da LCSP e apartado 15 das FEC nos seguintes termos:

- Incorporación das instalacións deportivas do Complexo de Samil cun incremento de 10.328,00 horas de prestación por un importe máximo de 131.564,46 € con iva, o que supón un incremento do contrato nun 4,20% para un período de 9 meses e 25 días ata o 04/06/2026 incluído, data da finalización do contrato.
- O número de horas e unha previsión, sendo o custo da modificación un importe en función das necesidades.
- O aboamento das horas que supoñen esta modificación do contrato realizarase conxuntamente co resto da facturación mensual do contrato.

Segundo: Autorizar o gasto correspondente a modificación, que se imputará a aplicación orzamentaria 3420.2279918 "Apertura e peche instalacións extrarradio " do orzamento vixente do servizo de deportes coa seguinte distribución orzamentaria. Sendo o prezo do contrato, coa modificación, ata a finalización do mesmo de 3.264.036,00 euros.

Partida orzamentaria	Importe € Período 2025:11/08/2025-31/12/2025	Importe € Período 2026: 1/01/2026-04/06/2026	Importe € total incremento
3420.2279918	62.853,96 €**	68.710,49 €**	131.564,46 €

** Para o período do ano 2025 non é necesario realizar incremento de crédito no contrato ao ter crédito necesario e suficiente no AD AD 12025000003243, cun importe actual de 798.842,07 €. Para o período do ano 2026 tampouco é necesario incrementar o crédito ao terse en conta, como referencia anual completa, os gastos executados no mesmo período anual do 2024 , polo que se considera que existe crédito necesario e suficiente para asumir o incremento de gasto dentro dos créditos do contrato".

Podemos concluír, á vista do citado informe:

- A modificación vén motivada pola incorporación no obxecto do contrato da instalación de Samil.

Estamos ante un suposto de modificación prevista.

- O contrato que se pretende modificar é un contrato de servizos en función das necesidades da administración -disposición adicional 33ª da LCSP- (apartado 3L das FEC), polo que o que se modifica é o orzamento máximo previsto, con afectación dos apartados 3A, 3B e 3C do Anexo I -FEC- do PCAP (ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN, IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN e ANUALIDADES CON IVE, respectivamente) e do punto 2 do PPT (DEPENDENCIAS OBXECTO DO CONTRATO).
- A modificación está comprendida nos supostos previstos no PCAP toda vez que obedece á incorporación dunha instalación vinculada ao ámbito da competencia do Concello de Vigo e non recollida nas relacionadas no apartado 2 do PPT (apartado 15C).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

- Supón un incremento do orzamento máximo de 131.564,46 euros que representa un 4,20%, atopándose dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación, que é do 15%, segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites) e na DA 33ª da LCSP que prevé que *“no caso de que, dentro da vixencia do contrato as necesidades reais fosen superiores ás inicialmente estimadas, deberá tramitarse a correspondente modificación. Para tales efectos, a documentación que rexe a licitación deberá prever a posibilidade de que o contrato poida ser modificado como consecuencia de tal circunstancia, nos termos previstos no artigo 204 desta Lei. A citada modificación deberá tramitarse antes que se esgote o orzamento máximo inicialmente aprobado, reservándose para tal fin o crédito necesario para cubrir o importe máximo das novas necesidades”*.

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso de modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia porque se trata dunha modificación prevista no PCAP e ademais o prezo primitivo do contrato non é superior a 6.000.000 euros (3.132.471,54 euros). Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, D. José Pérez Martínez, en representación da empresa INTEGRA MANTEMENTO XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO-GALICIA, S.L., manifestou a súa conformidade coa modificación proposta mediante escrito de data 15 de xullo de 2025 (documento nº 250184427). Consta o poder de representación no expediente 5.280-611.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: “a prestación de servizos necesarios para o correcto funcionamento das instalacións deportivas municipais. O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no artigo 25.2 l) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (“Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”) e no artigo 80.2.n da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia”.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do citado informe do servizo xestor, a modificación ascende a 131.564,46 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 3420.227.99.18 “Apertura e peche instalacións extrarradio”, coa seguinte distribución de anualidades:

Ano	Importe IVE incluído
2025 (11/08/2025-31/12/2025)	62.853,96
2026 (1/01/2026-04/06/2026)	68.710,49
Total	131.564,46

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

Aínda que o contrato está suxeito a regulación harmonizada, como a modificación non se atopa nos casos previstos nas letras a) y b) do apartado 2 do artigo 205, non ten que publicarse o anuncio de modificación no Diario Oficial da Unión Europea.

En cumprimento do previsto no artigo 335.2 da LCSP, ao tratarse dun contrato de servizos cuxo importe de adxudicación excede os 150.000,00 euros, comunicárase esta modificación ao Consello de Contas.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. Tendo en conta que o apartado 9C do PCAP establece que a garantía esixida será do “5% do orzamento base de licitación excluído o IVE”, o licitador deberá incrementar a garantía depositada en 5.436,55 euros.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación.

Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais que requiren do previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral en virtude do disposto na disposición adicional 3ª da LCSP e dos artigos 214 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 16 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

-VI-

Recursos

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP (“As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación”).

De non concorrer este suposto, con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición.

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

-VII-
Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais.

-VIII-
Proposta de acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Modificar o contrato dos servizos de apertura, control, información, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (5.280-611), segundo o solicitado polo adxunto (responsable do contrato) e o xefe do Servizo de Deportes, mediante informe do 26 de xuño 2025, conformado polo concelleiro delegado de Deportes.

Trátase dunha modificación prevista que consiste na ampliación das dependencias do obxecto do contrato recollidas no punto 2 do PPTP para a incorporación da instalación de Samil.

Supón un incremento do orzamento máximo de 131.564,46 euros (IVE incluído) con afectación dos apartados 3A, 3B e 3C do Anexo I -FEC- do PCAP (ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN, IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN e ANUALIDADES CON IVE, respectivamente) e do punto 2 do PPT (DEPENDENCIAS OBXECTO DO CONTRATO).

Esta modificación representa un 4,20%, atopándose dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación, que é do 15%, segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.

2º.- O importe da modificación aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 3420.227.99.18 “Apertura e peche instalacións extrarradio”, coa seguinte distribución de anualidades:

Ano	Importe IVE incluído
2025 (11/08/2025-31/12/2025)	62.853,96
2026 (1/01/2026-04/06/2026)	68.710,49
Total	131.564,46

3º.- Unha vez aprobada a modificación, o contratista, INTEGRA MANTEMENTO



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO-GALICIA, S.L., deberá reaxustar a garantía definitiva por importe de 5.436,55 euros, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.

4º.- Notificar este acordo ao interesado, informándolle que contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP ("As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación").

De non concorrer este suposto, con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición.

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

5º.- Publicar no perfil de contratante e no portal de transparencia.

6º.- Comunicar ao Consello de Contas.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(588).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS SUBVENCÍONS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN DE FESTIVAIS E INICIATIVAS SOCIAIS NOS CENTROS DOCENTES DE VIGO. EXPTE. 98998/332.

Visto o informe de fiscalización de data 24/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 07/07/2025, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. Obxecto e finalidade:

O Concello de Vigo no ámbito das súas competencias convoca o programa de “SUBVENCÍONS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN DE FESTIVAIS E INICIATIVAS SOCIAIS NOS CENTROS DOCENTES DE VIGO” co obxecto de fomentar actividades que contribúan á mellora da calidade formativa da comunidade educativa da nosa cidade, realizadas dende os colexios de Vigo sostidos con fondos públicos, para o alumnado, profesorado e familias de ditos centros.

A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar con esta convocatoria é fomentar a implicación e participación dos distintos sectores da comunidade educativa no desenvolvemento de actividades formativas e de ocio de distintas temáticas nun contexto escolar positivo e de convivencia harmónica. Desenvolver iniciativas didáctico-pedagóxicas e lúdicas innovadoras relacionadas co medio urbano, co medio natural, cos valores e actitudes sociais, coa aplicación das novas tecnoloxías, coa práctica deportiva e actividades de lecer, cos hábitos saudables e prevención de condutas de risco, e outros temas ou aspectos de interese para a comunidade educativa.

Búscase reforzar os vínculos da comunidade educativa e promover a formación do alumnado, educadores e familias en valores (paz, solidariedade, dereitos humanos, tolerancia, amizade) cara a unha maior sensibilización na mellora da integración social e en contra da exclusión.

A actividade subvencionada debe ser sen ánimo de lucro.

II. Competencia:

O artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

III. Beneficiario/as:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública os centros docentes sostidos con fondos públicos sitos no termo municipal de Vigo, isto é centros públicos e concertados de educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial, bacharelato e formación profesional.

IV. Procedemento de concesión da subvención:

Dado o carácter singular das actividades subvencionadas e o seu interese público, educativo e social, ao abeiro do disposto no parágrafo segundo do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, estas subvencións outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde da súa presentación ata esgotar o crédito orzamentario previsto.

V. Contido:

As bases reflicten o contido mínimo esixido nos artigos 17 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e 14 da LSG, en canto ao obxecto, requisitos dos beneficiarios, procedemento de concesión, criterios obxectivos de outorgamento, contías, crédito orzamentario, compatibilidade con outras subvencións, procedemento de concesión así coma órganos competentes. E atenden aos principios reguladores das subvencións establecidos nos artigos 8.3 LXS e 5.2 LSG.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

VI. Normativa de aplicación:

De acordo co disposto no artigo 17.2 da LXS as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto, conforme ao disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2025 e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se aprobe a tal efecto, o procedemento de concesión destas subvencións rexeráse polas súas propias Bases, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

VII. Contía total e crédito orzamentario:

A contía total destinada a estas axudas é de 25.000,00 (vinte e cinco mil) euros e farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.0002 “Actividades extraescolares” do vixente exercicio orzamentario. Considéranse gastos subvencionables os realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2025.

O importe máximo subvencionable será de 2.000,00 (dous mil) euros para cada unha das entidades beneficiarias.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local das bases reguladoras, remitirase o expediente para informe da Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión da subvención.

VIII. Publicidade:

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei de Subvencións de Galicia, publicaranse conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para contribuír ao financiamento dos gastos da organización de festivais e iniciativas sociais nos centros docentes de Vigo” en:

- As bases reguladoras: no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- A convocatoria: na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.

- As solicitudes concedidas: as axudas que se concedan serán publicadas na páxina web www.vigo.org, e no portal de transparencia do Concello de Vigo, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

A tal efecto, tense procedido a elaborar unhas bases reguladoras, así como unha convocatoria e un extracto da mesma en galego e castelán.

IX. Recursos:

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que as ditou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ao das respectivas publicacións oficiais.

X. Órgano competente:

O artigo 74 da LSG establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da LRBRL, correspóndelle á Xunta de Goberno Local o desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal.

De conformidade co anteriormente exposto, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, e coa conformidade da concelleira delegada de Educación e dos concelleiros das Áreas de Goberno de de Educación e de Orzamentos e Facenda, nos termos das delegacións competenciais efectuadas nas datas 20/06/2023 e 28/06/2023, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro: Aprobar as Bases reguladoras, a Convocatoria e o Extracto da mesma para a concesión de subvencións para contribuír ao financiamento dos gastos da organización de festivais e iniciativas sociais nos centros docentes de Vigo, que se achegan ao expediente.

Segundo: Aprobar o gasto por importe total de 25.000,00 (vinte e cinco mil) euros, que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.0002 “Actividades extraescolares” dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2025.

Terceiro: Publicar, unha vez aprobadas, as Bases e a Convocatoria para a concesión destas subvencións, nos seguintes termos:

- As Bases reguladoras no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.

- Os modelos de formularios normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN DE FESTIVAIS E INICIATIVAS SOCIAIS NOS CENTROS DOCENTES DE VIGO (expediente 98998/332).

Os centros educativos desenvolven fundamentalmente a actividade docente que teñen encomendada dando cumprimento aos programas educativos aprobados para cada etapa polas administracións educativas competentes. Pero os centros educativos son moito máis, son os espazos nos que o alumnado socializa e aprende a integrarse na sociedade. É importante promover espazos e actividade de convivencia nos que a comunidade educativa integrada principalmente polo alumnado, profesorado e familias do alumnado dos centros poida interactuar e socializar.

Nesta liña, dende a Concellería de Educación preténdese establecer un procedemento para a concesión de axudas aos centros docentes de Vigo para a celebración e organización de festivais escolares ou actuacións sociais e iniciativas didáctico pedagóxicas, que contribúan á mellora da calidade formativa da comunidade educativa da nosa cidade.

O artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

BASES

Primeira.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIOS/AS DAS SUBVENCIÓNS.

Obxecto: Esta convocatoria de subvencións intégrase na Área de Educación do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024, liña 4.2 de Fomento de actividades sociais: actividades que contribúan á mellora da calidade formativa da comunidade educativa da nosa cidade, realizadas dende os

colexios de Vigo sostidos con fondos públicos, para o alumnado, profesorado e familias de ditos centros.

As presentes bases regulan o procedemento para a concesión de subvencións a centros docentes públicos e concertados sitos en Vigo para a celebración e organización de festivais escolares ou actuacións sociais e iniciativas didáctico pedagóxicas, propios da comunidade educativa. A actividade subvencionada debe ser sen ánimo de lucro.

Finalidade: A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar con esta convocatoria é fomentar a implicación e participación dos distintos sectores da comunidade educativa no desenvolvemento de actividades formativas e de ocio de distintas temáticas nun contexto escolar positivo e de convivencia harmónica. Desenvolver iniciativas didáctico-pedagóxicas e lúdicas innovadoras relacionadas co medio urbano, co medio natural, cos valores e actitudes sociais, coa aplicación das novas tecnoloxías, coa práctica deportiva e actividades de lecer, cos hábitos saudables e prevención de condutas de risco, e outros temas ou aspectos de interese para a comunidade educativa.

Búscase reforzar os vínculos da comunidade educativa e promover a formación do alumnado, educadores e familias en valores (paz, solidariedade, dereitos humanos, tolerancia, amizade) cara a unha maior sensibilización na mellora da integración social e en contra da exclusión.

Beneficiarias/os: Poderán concorrer a esta convocatoria pública os centros docentes sostidos con fondos públicos sitos no termo municipal de Vigo, isto é centros públicos e concertados de educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial, bacharelato e formación profesional.

Segunda.- RÉXIME DE CONCESIÓN.

Dado o carácter singular das actividades subvencionadas e o seu interese público, educativo e social, ao abeiro do disposto no parágrafo segundo do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, estas subvencións outorgaranse en réxime de concorrència competitiva, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde da súa presentación ata esgotar o crédito orzamentario previsto.

Terceira.- CONTÍA DA SUBVENCIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA.

A contía total destinada a estas axudas é de 25.000,00 (vinte e cinco mil) euros e farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.0002 “Actividades extraescolares” do vixente exercicio orzamentario. Considéranse gastos subvencionables os realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2025.

O importe máximo subvencionable será de 2.000,00 (dous mil) euros, para cada unha das entidades beneficiarias.

Cuarta.- REQUISITOS.

Poderán solicitar a subvención e obter a condición de beneficiarios os centros que reúnan os seguintes requisitos:

a) Que os centros docentes solicitantes sexan centros sostidos con fondos públicos (poden ser centros públicos ou concertados) situados no termo municipal de Vigo, de educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial, bacharelato e formación profesional.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

- b) Ter presentado a solicitude e a documentación necesaria nos prazos estipulados.
- c) Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa Seguridade Social. Os interesados poderán autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para o cal achegarán o Anexo II cumprimentado e asinado electronicamente. En caso contrario, será preciso achegar a/s oportuna/s certificación/s que acrediten que están ao corrente, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (RLXS) e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.
- d) Non incorrer as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición ou circunstancias previstas no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) que impiden acadar a condición de beneficiario/a.
- e) Os centros organizadores do evento e solicitantes das axudas deberá contar, con:
 - Autorización do Servizo municipal de Seguridade e Mobilidade, cando a actividade implique a ocupación especial e temporal das vías ou espazos públicos de titularidade municipal, sen prexuízo das esixencias que deriven do exame particularizado de cada evento, en función do lugar de emprazamento proposto, datas de celebración e outras circunstancias concorrentes, e da necesidade de contar con outras autorizacións ou licenzas preceptivas segundo a lexislación sectorial aplicable.
 - Seguro de responsabilidade civil que dean cobertura ao risco, no caso en que resulte procedente.

Quinta.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

En xeral, son gastos subvencionables os que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

A efectos desta subvención, sempre e cando se acredite a realización das actividades que motivan a súa concesión, considéranse gastos subvencionables, **os realizados dende o 1 de xaneiro ata o 31 de outubro do ano 2025**, que se estimen necesarios para o desenvolvemento das actividades programadas.

Gastos correntes derivados da organización do evento: gastos derivados do aluguer de locais/instalacións/mobiliario/megafonía/medios audiovisuais, trofeos, material para as actividades, seguros, publicidade (cartelaría, dípticos, vestiario e outro material publicitario...) e todos aqueles gastos que respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado. Non se consideran "trofeos" os agasallos alimentarios ou outros obsequios perecedoiros (comida, bebida, etc.).

Gastos correntes derivados de servizos de montaxe e desmonte de instalacións cubertas, palcos ou estruturas móbiles similares, destinadas á celebración de actos sociais ou lúdicos sen ánimo de lucro, que sexan de acceso libre e gratuíto para a comunidade educativa.

En ningún caso, o custe dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Sexta.- COMPATIBILIDADE.

A subvención que se outorgue será compatible con outras axudas ou subvencións doutros organismos públicos ou privados para a mesma finalidade.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

Non serán compatibles con ningunha outra subvención que, para os mesmos proxectos subvencionables na presente convocatoria tivese outorgado a Concellería de Educación, nin as solicitadas para a mesma finalidade noutro servizo municipal no vixente exercicio orzamentario.

O tratamento fiscal das axudas previstas nestas bases será o que determine en cada caso a Administración Tributaria competente.

Sétima.- DESESTIMACIÓN DAS SOLICITUDES.

Unha vez estudados os proxectos presentados polos centros educativos, desestimaranse as seguintes solicitudes:

- 1-** Cando as actividades que se pretenden fomentar, segundo memoria achegada non se axusten aos fins e obxectivos perseguidos nesta convocatoria.
- 2-** As solicitudes daquelas entidades que non cumpren os requisitos establecidos nas Bases desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarios.
- 3-** As solicitudes pendentes, unha vez esgotado o crédito orzamentario.

Oitava.- OBRIGAS.

As entidades beneficiarias das subvencións, conforme a presente normativa, están obrigadas a:

1. Xustificar ante o órgano concedente a realización das actividades que fundamentan a concesión das axudas nos termos establecidos na memoria e o cumprimento dos requisitos e condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.
2. Acreditar que se realizaron os gastos subvencionados relacionados co obxecto da convocatoria, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros,...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
3. Para os efectos de difusión pública, no lugar onde se realicen as actividades ou nas publicacións obxecto de subvención, deberá figurar de forma visible a imaxe institucional do Concello de Vigo.
4. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira.
5. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegada.
6. Contar coas preceptivas autorizacións ou licenzas sectoriais que sexan esixibles de acordo coa lexislación vixente (seguridade, urbanismo, etc.).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.
8. Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.
9. Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias (estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social.
10. Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS e art.11 da LSG.
11. Contratar a/s póliza/s de seguros de responsabilidade civil no caso de que procedan.
12. Cumprir coas disposicións establecidas no Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual e demais normativa sectorial vixente en materia de dereitos de autor.

Novena.- PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE, PRAZO E DOCUMENTACIÓN.

Poderán presentar solicitudes os centros docentes públicos e concertados, en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial, utilizando o modelo oficial que figura como Anexo I nestas bases.

So se aceptará unha solicitude por centro educativo.

9.1. Solicitude

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 15 de novembro de Procedemento Administración Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de **xeito exclusivo, de medios electrónicos (tramitación en liña)** para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral Electrónico (Carpeta Cidadá).

Para a dita tramitación **requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar na ligazón **<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>**.

A solicitude de subvención e documentación complementaria presentarase debidamente cumprimentada, mediante o modelo oficial aprobado nestas bases (**Anexo I**), que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinaranse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

9.2. Prazo

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente **será de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte** á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

9.3. Documentación

Os solicitantes achegarán a seguinte documentación:

a.- Solicitud. Conterá os datos da entidade solicitante, designación do representante legal e datos de contacto a efectos de notificación:

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos interesados/as os avisos de posta a disposición das notificacións á conta de correo e /ou teléfono móbil que conste nesta solicitude.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ao seu contido.

b.- Documento acreditativo da persoa que asina a solicitude para actuar en **representación** do centro educativo.

c.- Memoria do programa e/ou a actividade a desenvolver, indicando os obxectivos propostos, lugar, datas, persoas participantes e demais cuestións de interese.

d.- Orzamento dos gastos subvencionables.

e.- Documento acreditativo do IBAN da conta bancaria da entidade solicitante.

f.- Autorización expresa á consulta e verificación de datos por parte do Concello de Vigo (Anexo II) ou as correspondentes certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias.

O servizo convocante pode requirir tanta outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como complementar a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

A presentación da solicitude implicará que se aceptan as bases da convocatoria, se cumpren os requisitos nelas esixidos e que son certos os datos indicados na solicitude; así mesmo, as persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, desestimación que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando conclusa/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 93 e 94 da LPAC.

Décima.- PROCEDIMENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN.

1- De conformidade co regulado no artigo 22 da LSG a concesión das axudas tramitarase mediante procedemento abreviado, polo que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente directamente polo órgano instructor que unicamente deberá comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder a subvención.

2- A instrución do procedemento de concesión das axudas correspóndelle ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se emende a solicitude ou complete a documentación preceptiva (artigo 68.1 LPAC), coa advertencia de que, de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da LPAC.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/as interesados/as os avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos terán unicamente carácter informativo, en ningún caso, efecto de notificación practicada.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ao seu contido.

3. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para resolver sobre a concesión ou denegación das axudas.

4. As solicitudes tramitaranse por orden de entrada no Rexistro Xeral Electrónico do Concello de Vigo a través da sede electrónica do Concello.

5. O prazo para resolver será, como máximo, de catro meses dende a data de remate da presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

Transcorrido o devandito prazo sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

6- A resolución do procedemento poderá notificarse electronicamente ás entidades beneficiarias a través da sede electrónica. Remítanse ás entidades interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entendéranse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poda acceder ao seu contido.

7.- Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Décimo primeira. RECLAMACIÓN.

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que as ditou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Os prazos contarase a partir do día seguinte ao das respectivas publicacións oficiais.

Décimo segunda. ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DA SUBVENCIÓN E OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS.

A subvención entenderase aceptada se, dentro do prazo de 10 días da súa publicación consonte co artigo 45.1.b) da LPAC, as beneficiarias non manifestan nada en contra.

A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida, renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Educación no vindeiro exercicio orzamentario.

Décimo terceira.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA.

As entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos. **O prazo máximo para a xustificación das mesmas finaliza o 5 de novembro de 2025.** Noutro caso, perderase o dereito a percibir a axuda. Os lugares de presentación da conta xustificativa serán os mesmos previstos para a presentación das solicitudes.

Os criterios para verificar que os gastos son subvencionables serán que a data da factura ou documento equivalente que se presente, debe atoparse dentro do período subvencionable.

Considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. En consecuencia, para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria. Non son subvencionables os pagos en efectivo.

Presentaranse:

- **Relación clasificada dos gastos subvencionados:** xustificarse gastos por un importe igual ou superior ao importe do proxecto que serviu de base para a concesión de dita subvención, polo que queda acreditado que o programa subvencionado foi executado, no seu caso, na súa totalidade.
- Así mesmo, **deberán presentarse facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel e/ou demais documentos de valor probatorio equivalente, cuxo importe total debe cubrir como mínimo, o importe da subvención outorgada:**

Os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 Real Decreto 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Se se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.

En ningún caso, se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...

No caso das facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, debe estar garantida por algunha das modalidades de identificación admitidas legalmente (sinatura electrónica, código de verificación...).

De conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.

As facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.

Cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente.

As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención.

Décimo cuarta.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, en relación aos expediente de subvencións, lles sexa requirida pola Concellaría de Educación, así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións. Así mesmo, o servizo xestor poderá facer as indagacións pertinentes para o esclarecemento das dúbidas xurdidas en relación a calquera documento xustificativo achegado.

Décimo quinta.- ABOAMENTO.

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexa debidamente xustificada (Anexo III – solicitude de aboamento)

Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto a beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Tales circunstancias deberán acreditarse novamente de non ser posible a súa comprobación telemática ou cando os certificados que consten no expediente carezan de vixencia.

Décimo sexta.- INFRACCIÓN E SANCIÓN.

En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvención de Galicia, e o Título IV da Lei 39/2015, de 15 de novembro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no que se regula a potestade sancionadora e a responsabilidade patrimonial.

Décimo sétima.- PUBLICIDADE.

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei de Subvencións de Galicia, publicaranse conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para contribuír ao financiamento dos gastos da organización de festivais e iniciativas sociais nos centros docentes de Vigo” en:

- As bases reguladoras: no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- A convocatoria: na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días naturais para a

presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.

- As solicitudes concedidas: as axudas que se concedan serán publicadas na páxina web www.vigo.org, e no portal de transparencia do Concello de Vigo, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

Décimo oitava.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

A Comisión de Seguimento quedará integrada pola concelleira delegada de Educación, que actuará como presidenta, a xefa do Servizo de Educación, a xefa do Servizo de Fiscalización e o técnico medio de actividades culturais e educativas do Servizo de Educación, e será competente para resolver as dúbidas na interpretación das presentes bases.

Décimo novena.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos persoais facilitados nos formularios son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións e notificacións de obrigado cumprimento, e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén serán obxecto das obrigas de publicación e poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas e beneficiarias poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

Vixésima.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

Esta convocatoria rexerase polas súas Bases; pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; pola lexislación básica do Estado en materia de réxime local; pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; polos preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polas Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo; e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN DE FESTIVAIS E INICIATIVAS SOCIAIS NOS CENTROS DOCENTES DE VIGO

Primeiro. OBXECTO.

As bases desta convocatoria regulan o procedemento para a concesión de subvencións a centros docentes públicos e concertados sitos en Vigo para a celebración e organización de festivais escolares ou actuacións sociais e iniciativas didáctico pedagóxicas, propios da comunidade educativa. A actividade subvencionada debe ser sen ánimo de lucro.

Segundo. BENEFICIARIOS/AS.

Poderán concorrer a esta convocatoria pública os centros docentes sostidos con fondos públicos sitos no termo municipal de Vigo, isto é centros públicos e concertados de educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial, bacharelato e formación profesional.

Terceiro. RÉXIME DE CONCESIÓN.

Dado o carácter singular das actividades subvencionadas e o seu interese público, educativo e social, ao abeiro do disposto no parágrafo segundo do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, estas subvencións outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde da súa presentación ata esgotar o crédito orzamentario previsto.

Cuarta. REQUISITOS.

Poderán solicitar a subvención e obter a condición de beneficiarios os centros que reúnan os seguintes requisitos:

a) Que os centros docentes solicitantes sexan centros sostidos con fondos públicos (poden ser centros públicos ou concertados) situados no termo municipal de Vigo, de educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial, bacharelato e formación profesional.

b) Ter presentado a solicitude e a documentación necesaria nos prazos estipulados.

c) Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa Seguridade Social. Os interesados poderán autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para o cal achegarán o Anexo II cumprimentado e asinado electronicamente. En caso contrario, será preciso achegar a/s oportuna/s certificación/s que acrediten que están ao corrente, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (RLXS) e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.

d) Non incorrer as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición ou circunstancias previstas no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) que impiden acadar a condición de beneficiario/a.

e) Os centros organizadores do evento e solicitantes das axudas deberán contar, con:

- Autorización do Servizo municipal de Seguridade e Mobilidade, cando a actividade implique a ocupación especial e temporal das vías ou espazos públicos de titularidade municipal, sen prexuízo das esixencias que deriven do exame particularizado de cada evento, en función do lugar de emprazamento proposto, datas de celebración e outras circunstancias concorrentes, e da necesidade de contar con outras autorizacións ou licenzas preceptivas segundo a lexislación sectorial aplicable.

- Seguro de responsabilidade civil que dean cobertura ao risco, no caso en que resulte procedente.

Quinto. NORMATIVA E BASES REGULADORAS.

Esta convocatoria rexeráse polas súas Bases, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; pola lexislación básica do Estado en materia de réxime local; pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; polos preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polas Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo; e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Sexto. CONTÍA.

A contía total destinada a estas axudas é de 25.000,00 (vinte e cinco mil) euros e farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.0002 “Actividades extraescolares” do vixente exercicio orzamentario. Considéranse gastos subvencionables os realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2025.

O importe máximo subvencionable será de 2.000,00 (dous mil) euros, para cada unha das entidades beneficiarias.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

Sétimo. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Poderán presentar solicitudes os centros docentes públicos e concertados, en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial, utilizando o modelo oficial que figura como Anexo I ás bases.

So se aceptará unha solicitude por centro educativo.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 15 de novembro de Procedemento Administración Común das Administración Públicas (LPAC), establécese o emprego, de **xeito exclusivo, de medios electrónicos (tramitación en liña)** para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral Electrónico (Carpeta Cidadá).

Para a dita tramitación **requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar na ligazón <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A solicitude de subvención e documentación complementaria presentarase debidamente cumprimentada, mediante o modelo oficial aprobado nestas bases (**Anexo I**), que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinaranse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente **será de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte** á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

Oitavo.- DOCUMENTACIÓN.

Os solicitantes achegarán a seguinte documentación:

a.- Solicitude. Conterá os datos da entidade solicitante, designación do representante legal e datos de contacto a efectos de notificación:

As notificación electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remitiranse aos interesados/as os avisos de posta a disposición das notificacións á conta de correo e /ou teléfono móbil que conste nesta solicitude.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ao seu contido.

b.- Documento acreditativo da persoa que asina a solicitude para actuar en **representación** do centro educativo.

c.- Memoria do programa e/ou a actividade a desenvolver, indicando os obxectivos propostos, lugar, datas, persoas participantes e demais cuestións de interese.

d.- Orzamento dos gastos subvencionables.

e.- Documento acreditativo do IBAN da conta bancaria da entidade solicitante.

f.- Autorización expresa á consulta e verificación de datos por parte do Concello de Vigo (Anexo II) ou as correspondentes certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias.

O servizo convocante pode requirir canta outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como complementar a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

A presentación da solicitude implicará que se aceptan as bases da convocatoria, se cumpren os requisitos nelas esixidos e que son certos os datos indicados na solicitude; así mesmo, as persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, desestimación que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando conculso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 93 e 94 da LPAC.

Noveno. ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO, RECURSOS PROCEDENTES E NOTIFICACIÓN.

De conformidade co regulado no artigo 22 da LSG a concesión das axudas tramitarase mediante procedemento abreviado, polo que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente directamente polo órgano instrutor que unicamente deberá comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder a subvención.

A instrución do procedemento de concesión das axudas correspóndelle ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se emende a solicitude ou complete a documentación preceptiva (artigo 68.1 LPAC), coa advertencia de que, de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da LPAC.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para resolver sobre a concesión ou denegación das axudas.

O prazo para resolver será, como máximo, de catro meses dende a data de remate da presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

Transcorrido o devandito prazo sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

As axudas que se concedan serán publicadas na páxina web www.vigo.org, e no portal de transparencia do Concello de Vigo, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

A subvención entenderase aceptada se, dentro do prazo de 10 días da súa publicación consonte co artigo 45.1.b) da LPAC, as beneficiarias non manifestan nada en contra.

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que as ditou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Os prazos contaranse a partir do día seguinte ao das respectivas publicacións oficiais.

Undécimo. PUBLICACIÓN.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

As Bases reguladoras e a Convocatoria publicaranse conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da LXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Publicaranse, unha vez aprobadas:

- As bases reguladoras: no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- A convocatoria: na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web no Concello de Vigo (www.vigo.org).

A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes, conforme ao art. 14.1 da LSG.

As axudas que se concedan serán publicadas na páxina web www.vigo.org, e no portal de transparencia do Concello de Vigo, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO DE DD/MM/2025, POLO QUE SE CONVOCAN AS SUBVENCÍONS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN DE FESTIVAIS E INICIATIVAS SOCIAIS NOS CENTROS DOCENTES DE VIGO

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. OBXECTO.

As bases deste procedemento regulan o procedemento para a concesión de subvencións a centros docentes públicos e concertados sitos en Vigo para a celebración e organización de festivais escolares ou actuacións sociais e iniciativas didáctico pedagóxicas, propios da comunidade educativa. A actividade subvencionada debe ser sen ánimo de lucro.

Segundo. BENEFICIARIOS/AS.

Poderán concorrer a esta convocatoria pública os centros docentes sostidos con fondos públicos sitos no termo municipal de Vigo, isto é centros públicos e concertados de educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial, bacharelato e formación profesional.

Terceiro. BASES REGULADORAS.

As Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo serán publicadas na páxina web municipal www.vigo.org, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Cuarto. CONTÍA.

A contía total destinada a estas axudas é de 25.000,00 (vinte e cinco mil) euros e farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.0002 “Actividades extraescolares” do vixente exercicio orzamentario. Considéranse gastos subvencionables os realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2025.

O importe máximo subvencionable será de 2.000,00 (dous mil) euros, para cada unha das entidades beneficiarias.

Quinto. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Poderán presentar solicitudes os centros docentes públicos e concertados, en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial, utilizando o modelo oficial que figura como Anexo I ás bases.

So se aceptará unha solicitude por centro educativo.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 15 de novembro de Procedemento Administración Común das Administración Públicas (LPAC), establécese o emprego, de **xeito exclusivo, de medios electrónicos (*tramitación en liña*)** para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral Electrónico (Carpeta Cidadá).

Para a dita tramitación **requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar na ligazón <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A solicitude de subvención e documentación complementaria presentarase debidamente cumprimentada, mediante o modelo oficial aprobado nestas bases (**Anexo I**), que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinaranse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente **será de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte** á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

Sexto.- DOCUMENTACIÓN.

Os solicitantes achegarán a seguinte documentación:

a.- Solicitude. Conterá os datos da entidade solicitante, designación do representante legal e datos de contacto a efectos de notificación:

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítiranse aos interesados/as os avisos de posta a disposición das notificacións á conta de correo e /ou teléfono móbil que conste nesta solicitude.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ao seu contido.

b.- Documento acreditativo da persoa que asina a solicitude para actuar en **representación** do centro educativo.

c.- Memoria do programa e/ou a actividade a desenvolver, indicando os obxectivos propostos, lugar, datas, persoas participantes e demais cuestións de interese.

d.- Orzamento dos gastos subvencionables.

e.- Documento acreditativo do IBAN da conta bancaria da entidade solicitante.

f.- Autorización expresa á consulta e verificación de datos por parte do Concello de Vigo (Anexo II) ou as correspondentes certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias.

O servizo convocante pode requirir tanta outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como complementar a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

A presentación da solicitude implicará que se aceptan as bases da convocatoria, se cumpren os requisitos nelas esixidos e que son certos os datos indicados na solicitude; así mesmo, as persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, desestimación que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 93 e 94 da LPAC.

7(589).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DERIVADAS DA EXECUCIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECÁNICAS E DE ILUMINACIÓN PÚBLICA VIARIA. EXPTE. 53643/444.

Visto o informe xurídico de data 21/07/2025 e o informe de fiscalización do 22/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/07/2025, asinado pola enxeñeira industrial, a xefe do Servizo Administrativo e Orzamentario da Área, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 8 de novembro de 2024, adxudicou a IMESAPI, SA o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria do Concello de Vigo (exp. 53329-444).

2.- Con data 10 de decembro de 2024 formalizouse o contrato, marcando como data de inicio o 1 de xaneiro de 2025.

3.- Para as tarefas de coordinación en materia de seguridade e saúde derivadas da execución

do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria do concello de Vigo, actualmente atópase en execución un contrato menor (exp.53652-444), o cal finalizará o 14 de febreiro de 2026 ou ata que se adxudique o contrato maior obxecto deste informe.

4.- En virtude dos antecedentes descritos e para a realización deste servizo, en data 11 de abril de 2025, emítese informe de necesidade e idoneidade asinado pola Enxeñeira Industrial e polo Xefe de área de Servizos Xerais, ao abeiro do cal, na mesma data, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos acorda o inicio do expediente de contratación.

5.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato de data 11 de abril de 2025, asinado pola Enxeñeira Industrial, e polo Xefe de área de Servizos Xerais.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes de data 11 de abril de 2025.
- c) Memoria económica asinada pola Enxeñeira Industrial, pola Técnica de Xestión, polo Xefe de Área de Servizos Xerais, polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, polo Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes en data 01 de xullo de 2025 e polo Concelleiro da Área de Orzamentos e facenda de data 03 de xullo de 2025.
- d) Certificados de retención de crédito de data 30 de abril de 2025 (operacións nº 12025000049867 (RC) e nº 12025000049868).
- e) Prego de Prescricións Técnicas asinado pola Enxeñeira Industrial e conformado polo Xefe da Área de Servizos Xerais en datas 14 e 15 de maio de 2025.
- f) Declaración dos redactores do prego de prescricións técnicas particulares de 14 de maio de 2025.
- g) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 14 de maio de 2025 e conformada polo Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes en data 15 de maio de 2025.
- h) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos en data 09 de xuño de 2025.
- i) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos en data 02 de xullo de 2025.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22/06/2023), aos concelleiros de Área.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP, e incorpora o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexerán o mesmo.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigos 28 e 116.4.e LCSP); a insuficiencia de medios (artigo 116.4.f LCSP); con respecto á clasificación dos empresarios (artigo 116.4.b LCSP), o artigo 77.1.b establece que non é esixible; os criterios de solvencia técnica ou profesional, económica e financeira (artigo 116.4.c LCSP); o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d LCSP); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); así como o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 22 da LCSP. Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

Cuarto.- De conformidade coa disposición adicional 3ª.2 da LCSP poderanse tramitar anticipadamente os contratos cuxa execución material haxa de comezar no exercicio seguinte ou aqueles cuxa financiamento dependa dun préstamo, un crédito ou unha subvención solicitada a outra entidade pública ou privada, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente.

Quinto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de que non existe desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Sétimo.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente os devanditos informe da titular da Asesoría Xurídica e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do “**SERVIZO DE COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DERIVADAS DA EXECUCIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECAÑICAS E DE ILUMINACIÓN PÚBLICA VIARIA.**”

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Enxeñeira Industrial e polo Xefe de Área de Servizos Xerais en datas 14 e 15 de maio de 2025.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos en data 02 de xullo de 2025.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SESENTA MIL TRESCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON CINCUENTA E UN CÉNTIMOS (60.354,51 €) IVE engadido, sendo a partida correspondente ao

IVE DE DEZ MIL CATROCENTOS SETENTA E CATRO EUROS CON SETENTA E CINCO CÉNTIMOS (10.474,75 €)

Tendo en conta que os servizos derivados deste contrato refírense a prestacións de tracto sucesivo que teñen na actualidade referencia económica nos créditos que se atopan regularmente no orzamento municipal no programa 1650, propónse que o financiamento deste contrato que ten como data prevista de inicio o 01 de setembro do ano 2025, se aplique na aplicación 1650.227.06.03 “Asistencia técnicas seguridade e saúde”, de acordo coas seguintes anualidades:

Ano 2025	Ano 2026	Ano 2027	Total
9.285,31 €	27.855,93 €	23.213,27 €	60.354,51 €

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(590).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DO “PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN, FORMACIÓN E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO ENTRE A MOCIDADE. ENLAZAVIGO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”. EXPTE. 13658/224.

Visto o informe xurídico do 23/07/2025 e o informe de fiscalización do 28/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/07/2025, asinado pola xefa de Igualdade e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O obxecto deste e contrato consiste en xestionar e executar o *“Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade. EnlazaVigo contra a violencia de xénero”*.

O programa EnlazaVigo contra a violencia de xénero consiste na posta en marcha dun conxunto de actividades de sensibilización e de formación sobre a violencia de xénero co obxecto de previla, dirixidas ao alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e ciclos de Formación Profesional dos centros de ensino da cidade de Vigo. O Servizo de Igualdade poderá delimitar os cursos concretos aos que se dirixirán as actividades cada ano, de entre as etapas educativas mencionadas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

O programa iníciase ao comezo do curso escolar cunha oferta de actividades dirixida aos centros de ensino nas etapas anteriormente mencionadas, de tipo formativo, de expresión artística e reivindicativa para a súa realización nos propios centros en horario lectivo. O programa inclúe a impartición de obradoiros formativos dirixidos ao alumnado (ata un máximo de 60 horas durante o primeiro trimestre do curso escolar 2025-2026), e culmina coa realización dun acto central que se realizará nun espazo a determinar polo Concello de Vigo, nunha data entornando ao 25 de novembro, con motivo da conmemoración do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, que será un lugar de encontro e de presentación de boas prácticas no ámbito da coeducación e da prevención da violencia de xénero entre a mocidade.

Os seus obxectivos xerais pretenden:

- Concienciar a poboación viguesa, especialmente a xuventude e profesorado, da problemática da violencia de xénero (orixe, tipos, causas, consecuencias, recursos, etc.), e conseguir unha maior implicación da cidadanía no seu rexeitamento.
- Promover entre a xente moza o rexeitamento da violencia de xénero, co obxecto de detela, recoñecela e non ser cómplices destas actitudes e comportamentos.
- Previr a violencia machista nas futuras xeracións.

En data do 1 de abril de 2025, a xefa do servizo de Igualdade asina o informe sobre a necesidade e idoneidade para a contratación do “Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade. EnlazaVigo contra a violencia de xénero”, conformado na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio. En cumprimento do establecido nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) e os artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en data 1 de abril de 2025 resólvese o inicio do expediente de contratación pola concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, no uso das competencias que lle atribúe a vixente lexislación: art. 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril; Resolución de Alcaldía de estrutura da administración do Concello de Vigo: Resolución de Alcaldía de delegación de competencias xenéricas en concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os de data 20/06/2023, (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023), Resolución de Alcaldía de estrutura da administración do Concello de Vigo: delegación de competencias (2023-2027) de data 28/06/24 (BOPPO núm. 134 do 10 de xullo de 2024), Resolución de Alcaldía de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade de data 28/06/2024 (BOPPO núm. 133 do 9 de xullo de 2024) e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/06/2025 de modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas/os concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os (BOPPO núm. 115 do 18 de xuño de 2025).

No expediente consta a seguinte documentación:

- Informe sobre a necesidade e idoneidade e orde de inicio do procedemento aberto do contrato de servizos do “Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade. EnlazaVigo contra a violencia de xénero” asinado o 1 de abril de 2025 pola xefa do Servizo de Igualdade, pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola Concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade. Firmado en data 2 de abril de 2025 polo Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda e pola secretaria de Goberno Local.
- Memoria económica asinada o 11 de xuño de 2025 pola xefa do Servizo de Igualdade; conformada na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e en data 12 de xuño de 2025 pola Concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e polo Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda.
- Certificados de retencións de crédito de data 18 de xuño de 2025, respectivamente (operacións RC n.º 12025000079150 e RCM nº 12025000079908).
- Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas asinada o 1 de xullo de 2025 sobre o cumprimento das especificacións técnicas da lexislación vixente e garantía de acceso das licitadores en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e da libre competencia.
- Prego de prescricións técnicas particulares asinado o 30 de xuño de 2025 pola xefa do Servizo de Igualdade conformado na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola Concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.
- Memoria xustificativa asinada o 30 de xuño de 2025 pola xefa do Servizo de Igualdade, e conformada na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola Concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.
- Informe favorable do Servizo de Contratación sobre o a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado o 1 de xullo 2025 pola xefa da área de Contratación e Novos Proxectos.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 16 de xullo de 2025 pola xefa da área de Contratación e Novos Proxectos.

Nos termos establecidos no art. 29.4 da LCSP este contrato terá un prazo de duración de tres meses (92 días). A prestación do servizo realizarase durante os meses de setembro outubro, novembro e decembro de 2025. O período de execución desexable sería desde o 22 de setembro de 2025 ata o 22 de decembro de 2025. Non se contemplan prórrogas.

Segundo se motiva na memoria económica, o importe do prezo do contrato é **28.908,02 €**.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

- a) Parte fixa: 20.667,66 € +(21% 4.340,21 €) = 25.007,87 €
- b) Parte variable: 3.900,15 € (exenta de IVE) = 3.900,15 €
- c) Orzamento base de licitación (Fixa-variable) = 28.908,02 €

Total valor estimado = 24.567,81 €

As obrigas económicas derivadas do contrato serán atendidas a conta do orzamento vixente do Servizo de Igualdade distribuído do seguinte xeito:

- O importe de 8.732,00 €, con cargo á partida “*Actuacións contra a violencia de xénero*” 2311 2260603 número de proxecto 24231104 do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.
- O importe de 20.176,02 €, con cargo á partida “*Actuacións contra a violencia de xénero*” 2311 2260603 do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.

Exercicio 2025: 28.908,02 €

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. O obxecto regulado no presente contrato encádrase nas competencias que atribúe aos municipios no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero*
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, especificamente nos artigos relacionados co procedemento aberto que rexerán esta contratación.
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, no que non se opoña á Lei 9/2017.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- O inicio do expediente de contratación corresponde ao órgano de contratación (artigo 116.1 LCSP) que, nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional segunda, apartado 4 LCSP). Esta competencia foi delegada nas concelleiras e concelleiros delegados de Área. Resolución de Alcaldía de delegación de competencias xenéricas en concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os de data 20/06/2023, (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023), Resolución de Alcaldía de estrutura da administración do Concello de Vigo: delegación de competencias (2023-2027) de data 28/06/24 (BOPPO núm. 134 de 10 de xullo de 2024), Resolución de Alcaldía de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade de data 28/06/2024 (BOPPO núm. 133 do 9 de xullo de 2024) e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/06/2025 de modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas/os concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os (BOPPO núm. 115 do 18 de xuño de 2025).

2.- O expediente refírese á totalidade obxecto do contrato e nel constan o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexeran o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

3.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente, a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

4.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 LCSP.

5.- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2025, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 27 de decembro de 2024 e publicado no perfil de contratante.

6.- Na memoria económica xustifícase o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran (artigo. 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP) así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira); a elección do procedemento aberto e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).

7.- De conformidade coa disposición adicional terceira apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

8.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

legalmente o substitúa. Constan no expediente certificados de retención de crédito (operacións RC n.º 12025000079150 e RCM n.º12025000079908) de data 18 de xuño de 2025. O informe da fiscalización previa incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

9.- A competencia para a resolución deste expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP).

Polo exposto, e previo informe favorable da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, que adopte o seguinte

ACORDO:

- 1.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do *“Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade. EnlazaVigo contra a violencia de xénero”*.
- 2.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado en data 16.07.2025 pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.
- 3.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola xefa do Servizo de Igualdade o 30 de xuño de 2025, e conformado na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola Concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.
- 4.- Autorizar o gasto por importe total de 28.908,02 € para facer fronte á contratación da xestión do *“Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade. EnlazaVigo contra a violencia de xénero”*, que se imputará con cargo ao orzamento vixente do Servizo de Igualdade distribuído do seguinte xeito: 8.732,00 €, con cargo á partida *“Actuacións contra a violencia de xénero”* 2311 2260603 número de proxecto 24231104 e o importe de 20.176,02 €, con cargo á partida *“Actuacións contra a violencia de xénero”* 2311 2260603.
- 5.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(591).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN GALLEGA DE AMIGOS DEL ROCÍO DE VIGO PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUEIRO DO LOCAL SOCIAL. EXPTE. 12182/320.

Vistoo informe de fiscalización do 22/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/06/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e conformado polo concelleiro delegado, pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 16/04/2025, Dona Ana María Argibay Villaverde (DNI: 3602****), en calidade de presidenta da “*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*” (CIF: G36820637), achegou escrito (doc. 250089074) solicitando a celebración dun convenio co Concello de Vigo, para darlle continuidade a oferta de actividades programadas pola entidade para o 2025, entre os meses de outubro de 2024 a setembro 2025, mediante unha axuda económica no financiamento dos gastos de mantemento e alugueiro do local social.

II. Segundo a documentación presentada, será a presidenta, Dona Ana María Argibay Villaverde, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. “*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*”, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
- Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 22/04/2025.
- Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 16/04/2025.
- Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 22/04/2025.
- Certificado do Concello de Vigo, de data 16/04/2025.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitud de convenio (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE ALUGUEIRO E MANTEMENTO (01/10/2024-30/09/2025)	
Alugueiro Local	3.630,00 €
Asesoría Xurídica e Fiscal	1.452,00 €
Subministro Auga	150,00 €
Subministro Electricidade	100,00 €
TOTAL	5.332,00 €

INGRESOS DA ENTIDADE (outubro 2024 a setembro 2025)	
Convenio Concello	5.000,00 €
Cotas Socios	332,00 €
TOTAL	5.332,00 €

8. Contrato de alugueiro.
9. Xustificante bancario acreditativo da vixencia do seguro de responsabilidade civil.
10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:
 - a) Fundamentación, obxectivos e metas
 - b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
 - c) Lugar de realización
 - d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
 - e) Recursos humanos e materiais
 - f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a “Asociación Gallega Amigos del Rocío de Vigo”, está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 515/97, segundo decreto de Alcaldía de data 08/04/97.

V. O vixente exercicio orzamentario (2025) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2024, inclúe expresamente a partida 9240 4800001 “*Convenio Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*”, cunha dotación orzamentaria de 5.000,00 €.

VI. En data 16/04/2025 creouse o expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 16/04/2025 a Tesourería Municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á “ASOCIACIÓN GALLEGA DE AMIGOS DEL ROCÍO DE VIGO” (G-36820637), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de mantemento e alugueiro do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola asociación dende outubro de 2024 ata setembro de 2025.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa “*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*”.

A entidade “*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*”, de conformidade cos arts. 2 e 3 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Humanitarios: axudas a nivel local, nacional e internacional
- ✓ Culturais: conferencias, cursos, excursións, exposicións, festas, concertos do coro, visitas culturais,...
- ✓ Festivais benéficos
- ✓ Relixiosos: misas rocieiras, novenas, excursións ao Rocío...

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovelas activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

I. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio a Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas (Resolución da Alcaldía de data 28/06/2024).

Doutra parte, asinará o convenio Dona María Argibay Villaverde, con DNI 3602*****, en calidade de Presidenta da “Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo” (CIF: G-36820637), con domicilio social na Rúa Colombia, nº 17- baixo, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 12182/320.

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, de acordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e

oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coas demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibicións para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2025), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2024 e o 30 de setembro de 2025, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O vixente exercicio orzamentario (2025) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2024, inclúe expresamente a partida 9240 4800001 “*Convenio Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*”, cunha dotación orzamentaria de 5.000,00 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á “*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*” son gastos de alugueiro e mantemento do local social.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. ANTICIPO

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que conclúise o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2025), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/2024 e o 30/09/2025, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2025**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por Internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VIII. PUBLICIDADE

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e as resolucións de delegacións de competencias do Alcalde de data 28/06/2024, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta da Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

X. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas por Resolución de Alcaldía de data 28/06/2024 apartado Primeiro d), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 5.000,00 € (cinco mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4800001 denominada "*Convenio Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*", incluída no vixente orzamento municipal de 2025.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de subvención nominativa entre o Concello de Vigo e a "*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*" (CIF.- G36820637), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade a realizar entre os meses de outubro de 2024 e setembro de 2025, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e alugueiro necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 5.000,00€ (cinco mil euros).

TERCEIRO. - Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN GALLEGA DE AMIGOS DEL ROCÍO DE VIGO PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUEIRO DO LOCAL SOCIAL, NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES ENTRE O 1 DE OUTUBRO DE 2024 ATA 30 DE SETEMBRO DE 2025

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Ana María Mejías Sacaluga na súa calidade de concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

Doutra parte, D^a Ana María Argibay Villaverde, con DNI 3602****, en calidade de presidenta da “Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo” (CIF: G-36820637), con domicilio social na Rúa Colombia, nº 17- baixo, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 12182/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovelas activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades asistenciais, reivindicativas, humanitarias veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc., inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento e apoio humanitario e benéfico, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos asistenciais, sociais, benéficos, educativos, formativos..., sendo a “Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo” unha das máis importantes asociacións neste ámbito.

III.- Que a entidade “Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo”, de conformidade cos arts. 2 e 3 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Humanitarios: axudas a nivel local, nacional e internacional
- ✓ Culturais: conferencias, cursos, excursións, exposicións, festas, concertos do coro, visitas culturais,...
- ✓ Festivais benéficos
- ✓ Relixiosos: misas rocieiras, novenas, excursións ao Rocío...

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 08/04/97, a “*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 515/97.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a “*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*” leve a cabo os seus proxectos e actividades planificadas para o ano 2025, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento e alugueiro do local social, situado na Rúa Colombia, 17- baixo realizados entre os meses de outubro de 2024 a setembro de 2025 necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, aprobado polo Pleno Xeral en sesión extraordinaria do 23/12/2024, a partida orzamentaria nº 9240.4800001, denominada “*Convenio Asociación Gallega Amigos del Rocío de Vigo*”, nominativa a favor da entidade, cunha asignación orzamentaria de 5.000,00 €.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de alugueiro e mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas para o ano 2025, cuxa contía total segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE ALUGUER E MANTEMENTO (01/10/2024-30/09/2025)	
Alugueiro local	3.630,00 €
Asesoría xurídica e fiscal	1.452,00 €
Subministro Auga	150,00 €
Subministro Electricidade	100,00 €
TOTAL	5.332,00 €

VIII.- Que a entidade “*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*” non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

IX.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*”, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, no ámbito sociocomunitario e sociosanitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade “*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*” comprométese a colaborar coa concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.
6. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.
7. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
8. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade “*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*” unha subvención por importe de **5.000,00 €** (cinco mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4800001, denominada “Convenio Asociación Gallega Amigos del Rocío de Vigo”, do vixente orzamento municipal (2025), co obxecto de colaborar có

financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local da asociación, situado na Rúa Colombia, 17 - baixo, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade entre o 01/10/2024 e o 30/09/2025, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da “Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo”.

3. Colaborar, no seu caso, na orientación e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar a contía correspondente en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.-A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000,00 euros.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42.2.d) e ss. do RD 887/06, neste caso, se exonera á “*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*” da obriga de constitución de garantías, dado o carácter social do proxecto subvencionado, e a natureza de entidade non lucrativa da beneficiaria.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación dende o 1/10/2024 ata o 30/09/2025.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola “*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*”, mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa, que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2025**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electronicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención, asinada electronicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas, asinada electronicamente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación.
5. Actuacións realizadas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificarse **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electronicamente**, podendo substituírse pola presentación dunha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, chegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electronicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. **Para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria.** Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, debe estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención

- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade ou proxecto subvencionado.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) No caso de solicitar un anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Participación Cidadá, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES94 2080 0531 10 3040008569 (ABANCA).

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/10/2024 e o 30/09/2025.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Participación Cidadá. A xefa do servizo de Participación Cidadá ou a persoa que a substitúa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá ao reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade

subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2025).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

10(592).- LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO PROCESO DE PROVISIÓN DO POSTO DE ADXUNTO/A DIRECCIÓN DE INGRESOS E INSPECCIÓN TRIBUTARIA MEDIANTE CONCURSO ESPECIFICO. EXPTE. 1865/1102.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/07/2025, asinado pola secretaria de Goberno local (Resolución da concelleira delegada de 14/07/2024) e conformado pola concelleira delegada de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

En data 31 de marzo de 2025 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as bases reguladoras da provisión do posto de adxunto/a Dirección de Ingresos e Inspección Tributaria mediante o sistema de concurso específico.No mesmo acto aprobouse a convocatoria do procedemento para a provisión do posto .

En data 14 de abril de 2025 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 71 as bases que rexe a convocatoria.

En data 13 maio de 2025 publicouse no Diario Oficial de Galicia núm. 95 extracto da convocatoria.

En data 26 de maio de 2025 publicouse no Boletín Oficial del Estado núm. 126 anuncio da convocatoria polo cal procedeuse a apertura do prazo de presentación de instancias.

En data 16 de xuño de 2025 rematou o prazo de presentación de instancias.

En data 27 de xuño de 2025 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación a lista provisional de admitidos e excluídos no procedemento de provisión do posto de

ADMITIDOS

JOSE CARLOS VÁZQUEZ MIGUEZ
MARIA DOLORES VIEITES ALEN

0901*
1014*

EXCLUÍDOS

NINGÚN

O acordo estivo exposto ao público dende o 1 ata 15 de xullo de 2025 na sede electrónica e taboleiro de anuncios segundo certificado

Transcorrido o prazo de dez días procede elevar a definitiva a lista provisional de admitidos e excluídos de conformidade coa cláusula terceira das bases da convocatoria.

E por isto polo que se eleva a Xunta de Goberno Local conforme o disposto no artigo 127.1.h da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local, a seguinte proposta de **ACORDO**

PRIMEIRO.- Prestar aprobación a lista definitiva de admitidos e excluídos no procedemento de provisión do posto de Adxunto/a Dirección de Ingresos e Inspección Tributaria

SEGUNDO.- Designar aos membros da comisión de valoración conforme a cláusula quinta das bases da convocatoria que de seguido se relacionan:

Presidente/a:

Titular: Dña María de Carmen Pazos Area, directora de ngresos e xestión catastral delegada.

Suplente: D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral do Concello de Vigo,

Vogais

Titular: D. Luis García Álvarez, Tesoureiro Director superior contable e Orzamentario.

Suplente: D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica.

Titular: Dña. Maria de Mar Suárez del Campo, viceinterventora xeral adxunta,

Suplente: Dña. Maria Dolores Hernández Vidal, xefa do Servizo de Fiscalización,

Titular: Dña. Ángela Fernández López, xefa do Servizo de Contratación

Suplente: Dña. Olga Román Celada, xefa do Servizo de Festas.

Secretario/a:

Titular: Dña. Susana Gallardo Fariña, secretaria de Goberno Local ,

Suplente: Dña. Pilar del Carmen Saborido, secretaria de Administración Municipal.

TERCEIRO.- Convocar aos membros da Comisión de Valoración a sesión constitutiva e de valoración provisional dos méritos que terá lugar o día 26 de agosto de 2024 as 9:00 h na sala de xuntas da Secretaría do Concello (primeiro andar).

CUARTO.- Contra este acordo, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non po-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

derá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

QUINTO.- Publicar o presente acordo no taboleiro de edictos e páxina web do Concello.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(593).- ADHESIÓN DO CONCELLO DE VIGO AO CONVENIO ENTRE A O MINISTERIO PARA LA TRANSFORMACIÓN DIGITAL Y DE LA FUNCIÓN PÚBLICA E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA A PRESTACIÓN MUTUA DE SOLUCIÓN BÁSICAS DE ADMINISTRACIÓN DIXITAL. EXPTE. 1931/1102.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/07/2025, asinado pola secretaria de Goberno local, o xefe do Servizo de Administración Electrónica e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

En data 4 de marzo de 2025 publicouse no Boletín Oficial do Estado núm. 54 a Resolución de 27 de febreiro de 2025, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o Convenio coa Comunidade Autónoma de Galicia, para a prestación mutua de solucións básicas de administración dixital asinado entre a Administración Xeral do Estado (Ministerio para la Transformación Digital y de la Función Pública) e a Comunidade Autónoma de Galicia (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia) en data 18 de febreiro de 2025.

En data 28 de xullo de 2025 incoouse expediente de adhesión do Concello de Vigo ao Convenio entre a Administración Xeral do Estado (Ministerio para la Transformación Digital y de la Función Pública) e a Comunidade Autónoma de Galicia (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia) para a prestación mutua de solucións básicas de administración dixital de data 18 de febreiro de 2025 baixo a instrución conxunta da Secretaria de Goberno Local e Servizo de Administración Electrónica.

NORMATIVA APLICABLE

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)

Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL)

Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- O convenio entre a Administración Xeral do Estado (Ministerio para la Transformación Digital y de la Función Pública) e a Comunidade Autónoma de Galicia (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia) ten por obxecto:

a) Establecer os termos e condicións xerais para un aproveitamento común das solucións tecnolóxicas básicas de administración dixital a que se refire a súa cláusula segunda, que prestan as partes asinantes en cumprimento do disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, o Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos e resto de normativa aplicable.

b) A determinación das condicións nas que a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia facilitará o acceso ás devanditas solucións tecnolóxicas básicas (ou ás que as actualicen ou modifiquen no futuro) e, entre outras, as entidades locais previstas no artigo 3.1 da LRBRL existentes no ámbito territorial da Comunidade Autónoma asinante.

SEGUNDO.- A disposición adicional segunda Lei 39/2015, do 1 de outubro, no seu parágrafo primeiro determina que para cumprir co previsto en materia de rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, arquivo electrónico único, plataforma de intermediación de datos e Punto de Acceso Xeral electrónico da Administración, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais poderán adherirse voluntariamente e a través de medios electrónicos ás plataformas e rexistros establecidos para o efecto pola Administración Xeral do Estado.

A súa non adhesión, deberá xustificarse en termos de eficiencia, de acordo con a interpretación conforme fixada no FJ 11.f) da Sentenza do Tribunal Constitucional 55/2018, do 24 de maio de 2018. Neste senso a Sentenza do Tribunal Constitucional 55/2018, do 24 de maio de 2018 dispón *“Hay Comunidades Autónomas y entes locales que antes de la aprobación de la Ley contaban ya con algunas de estas soluciones o plataformas porque así lo habían decidido autónomamente o en cumplimiento de la Ley 11/2007. En cualquier caso, la generalización de todas ellas en cada una de las administraciones, con la garantía de su efectiva interoperabilidad, conllevará fuertes desembolsos económicos que, además de inasequibles*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

para algunos (p. ej., pequeños ayuntamientos), pueden desequilibrar las balanzas públicas y amenazar la sostenibilidad financiera. El legislador ha pretendido compatibilizar la apuesta por la administración electrónica con esta realidad y con los imperativos de la eficiencia (arts. 31.2 CE y 7 de la Ley Orgánica 2/2012), la estabilidad presupuestaria (arts. 135 CE y 3 de la Ley Orgánica 2/2012) y la sostenibilidad financiera (art. 4 de la Ley Orgánica 2/2012)” e “En segundo lugar, a través de la controvertida disposición adicional segunda, la Ley favorece el uso compartido de recursos electrónicos, en sintonía con lo ya previsto para la Administración General del Estado y sus organismos públicos en el Real Decreto 804/2014, de 19 de septiembre, sobre organización e instrumentos operativos de las tecnologías de la información y las comunicaciones. Pretende situarse así en línea con las recomendaciones de la Organización para la Cooperación y Desarrollo Económico (OCDE), para la que «en un país con tal nivel de descentralización, ha habido duplicidades en el desarrollo y la utilización de los sistemas de tecnología de la información y comunicación en todos los niveles de la administración»; por eso proporcionar «incentivos para una cooperación reforzada en un contexto de multigobernanza será decisivo para corregir las fuentes de ineficacia» [OCDE (2014), Spain: From Administrative Reform to Continuous Improvement]. El preámbulo de la Ley 39/2015 hace referencia en el mismo sentido a la necesidad de corregir las «duplicidades» innecesarias y las «ineficiencias», impulsando la racionalización «de las instituciones y entidades del poder ejecutivo», mejorando «la eficiencia en el uso de los recursos públicos» y aumentando «su productividad».

O artigo 157.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, establece que as Administracións Públicas, con carácter previo á adquisición, desenvolvemento ou ao mantemento ao longo de todo o ciclo de vida dunha aplicación deberán consultar se existen solucións dispoñibles para a súa reutilización, que poden satisfacer total ou parcialmente as necesidades que se pretenden cubrir.

O artigo 64.1 do Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, establece que, de acordo co previsto no artigo 157 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, as Administracións Públicas poñerán ao dispor de calquera delas que o solicite as aplicacións, desenvoltas polo seu servizos ou que fosen obxecto de contratación e de cuxos dereitos de propiedade intelectual sexan titulares, salvo que a información á que estean asociadas sexan obxecto de especial protección por estar previsto nunha norma. As Administracións cedentes e cesionarias poderán acordar a repercusión do custo de adquisición ou fabricación das aplicacións cedidas.

Para iso, de acordo con o previsto no artigo 64.4 do Regulamento, as Administracións públicas procurarán a construción de aplicacións reutilizables, ben en modo produto ou en modo servizo, co fin de favorecer as actuacións de compartir, reutilizar e colaborar, en beneficio dunha mellor eficiencia e para atender de forma efectiva as solicitudes recibidas en virtude do mencionado artigo 157. Para ese efecto, de acordo con o previsto no artigo 158 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, as Administracións Públicas manterán directorios actualizados de

aplicacións para a súa libre reutilización en modo produto ou en modo servizo, de conformidade co disposto no Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica, regulado polo Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro.

TERCEIRO.- A adhesión ao Convenio permite ao Concello de Vigo dar cumprimento as obrigas en materia de implantación dos medios electrónicos (DA2ª Lei 39/2015) sen custo económico para a facenda municipal con pleno respecto aos principios de eficiencia, estabilidade presupuestaria e sostenibilidade financeira.

As solucións tecnolóxicas básicas de administración dixital incluídas no novo convenio as que o Concello pode acceder mediante a súa adhesión son as seguintes:

- Sistemas de Aplicacións e Redes para as Administracións ([Rede SARA](#)).
- Sistemas de identificación e sinatura electrónica: @firma, TS@, CI@ve, Port@firmas, AutenticA.
- Sistemas para o intercambio de información, datos e documentos entre Administracións Públicas por medios electrónicos:
 - Plataforma de Intermediación de datos da Administración Xeral do Estado para a verificación e consulta de datos (acceso directo ou a través de [Pasaxe](#)) e o Portfolio SCSP.
 - Sistema de Interconexión de Registros (SIR).
 - Servizo de intercambio de documentos e expedientes electrónicos con outras administracións e coa Administración de Xustiza.
- Sistemas de posta a disposición de notificacións en formato electrónico: DEHú e Notific@.
- Sistemas de apoderamento e representación: Apodera e Representa.
- Rexistro de Funcionarios Habilitados da Administración Xeneral do Estado (RFH-AGE).
- Punto de Acceso Xeral electrónico da AGE (PAGe).
- Carpeta Cidadana do Sector Público Estatal («Mi Carpeta Ciudadana»).
- Arquivo definitivo de expedientes e documentos (Archive).
- Inventarios de información administrativa: DIR3 e SIA.

Concretamente a cláusula sexta do convenio determina que o acceso e dereito de uso das solucións tecnolóxicas básicas por parte dos suxeitos adheridos realizarase previa subscripción do correspondente Acordo de adhesión o cal segundo anexo II de dito convenio literalmente di

“Que, mediante a subscripción do presente acto de adhesión, o/a nome da entidade local adherente, en tanto que tipo de entidade da cláusula 1.2 da Comunidade Autónoma de Galicia, expresa a súa vontade de adherirse ao devandito Convenio, e acepta de forma incondicionada a totalidade das súas cláusulas en canto séxanlle de aplicación, podendo quedar adherido a calquera das solucións básicas obxecto deste convenio e cuxas especificacións técnicas e funcionais recóllense no anexo I do mesmo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

Que, delega na Comunidade Autónoma de Galicia a súa participación na Comisión de Seguimento prevista na cláusula oitava do convenio aceptando as decisións tomadas no seo da devandita comisión, sen prexuízo do sinalado na mencionada cláusula. Que, a adhesión ten efectos desde a data de inscrición da presente acta no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal, previa firma, e perdurará durante o período de vixencia do citado convenio."

A adhesión ao convenio non comporta gasto para o Concello se ben implica a asunción con cargo a facenda municipal das obrigas previstas na cláusula quinta que impliquen a realización dun gasto (labores técnicos necesarias de conectividade e despliegue, ao longo do tempo, para o acceso as solucións básicas, incluíndo as relativas a súas actualizacións).

E por isto que considerase conveniente ao interese xeral a adhesión ao convenio para todas as solucións tecnolóxicas .

CUARTO.- Por resolución da Alcaldía de data 20 dex uño de 2023 delegouse na Xunta de Goberno Local adopción dos acordos de adhesión aos convenios e acordos municipais que se precisen relativos á adaptación ao Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI) e ao Esquema Nacional de Seguridade (ENS), así como en materia de Protección de Datos e Administración Electrónica, sen prexuízo das competencias executivas atribuídas á Concellería de Área de Goberno.

Non se require informe de fiscalización por parte da Intervención Municipal xa que o acordo non conleva gasto (artigo 214.2 do TRLRFL e artigo 7 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades del Sector Público Local)

Polo exposto propónse a Xunta de Goberno como órgano competente a adopción do seguinte **ACORDO**

PRIMEIRO.- Adhesión do Concello de Vigo ao Convenio entre a Administración Xeral Xeral do Estado (Ministerio para la Transformación Digital y de la Función Pública) e a Comunidade Autónoma de Galicia (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia) para a prestación mutua de solucións básicas de administración dixital de data 18 de febreiro de 2025

SEGUNDO.- Solicitar con motivo da adhesión ao convenio o acceso a seguintes solucións tecnolóxicas

- Sistemas de Aplicacións e Redes para as Administracións ([Rede SARA](#)).
- Sistemas de identificación e sinatura electrónica: @firma, TS@, Cl@ve, Port@firmas, AutenticA.

- Sistemas para o intercambio de información, datos e documentos entre Administracións Públicas por medios electrónicos:
 - Plataforma de Intermediación de datos da Administración Xeral do Estado para a verificación e consulta de datos (acceso directo ou a través de [Pasaxe](#)) e o Portfolio SCSP.
 - Sistema de Interconexión de Registros (SIR).
 - Servizo de intercambio de documentos e expedientes electrónicos con outras administracións e coa Administración de Xustiza.
- Sistemas de posta a disposición de notificacións en formato electrónico: DEHú e Notific@.
- Sistemas de apoderamento e representación: Apodera e Representa.
- Rexistro de Funcionarios Habilitados da Administración Xeneral do Estado (RFH-AGE).
- Punto de Acceso Xeral electrónico da AGE (PAGe).
- Carpeta Cidadana do Sector Público Estatal («Mi Carpeta Ciudadana»).
- Arquivo definitivo de expedientes e documentos (Archive).
- Inventarios de información administrativa: DIR3 e SIA.

TERCEIRO,- Facultar a concelleira de Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal a formalización do acto de adhesión Convenio coa Comunidade Autónoma de Galicia, para a prestación mutua de solucións básicas de administración dixital asinado entre a Administración Xeral do Estado (Ministerio para la Transformación Digital y de la Función Pública) e a Comunidade Autónoma de Galicia (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia) en data 18 de febreiro de 2025 segundo o modelo recollido no anexo II de dito convenio.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(593).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO “GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL 2025”. EXPTE. 6157/330.

Visto o informe xurídico do 11/07/2025 e o informe de fiscalización do 28/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/07/2025, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 11 de xuño do 2025, a "Asociación Cultural Abella Producións" presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do "GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL 2025"; por este motivo por parte desta xefatura se inicia a tramitación do expediente de subvención polo importe de 6.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.22

ANTECEDENTES

A entidade "**ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓN**S" é unha asociación sen ánimo de lucro que organiza dende o ano 2017 o "GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL", evento de cinema e cultura freak definitivo. Un festival que amosa unha coidada selección nacional e internacional de pezas audiovisuais que adoitan verse privadas das canles habituais de distribución. Pezas moitas veces inéditas en Galicia, así como grandes estreos mundiais, internacionais e nacionais. O audiovisual galego atópase nun período de madurez creativa e moitas das producións dos últimos anos son filmes dunha grandísima calidade que aínda non gozaron dunha distribución idónea. Do mesmo xeito, estas obras leváronse a cabo grazas ao financiamento tanto público como privado de entidades, empresas e persoas de Galicia. Polo tanto, un dos principais obxectivos desta cita consiste en abrir un novo punto de encontro para creadores/as do sector audiovisual, pero sobre todo un punto de encontro e de debate co seu público natural, o público galego.

DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Datas: A actividade desenvolverase entre os días 19 ao 27 de setembro do 2025 seguindo a programación que se achega ao expediente.

Sedes: Centro Comercial Praza Elíptica- Cines Tamberlick e na sala Apo'strophe.art.

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 60.005 € (sesenta mil cinco euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 6.000 €
- Deputación Provincial de Pontevedra: 18.932,71 €
- AGADIC: 11.500 €
- ICAA: 5.000 €
- Patrocinios: 2.500 €
- Fondos propios da entidade: 6.300 €
- Entradas e merchandising: 8.000 €
- Actividades: 1.772,29 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de conformidade co texto do convenio presentado na sede electrónica o día 08.07.2025 (doc. 250179847)

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á a "Asociación Cultural Abella Producións" para o financiamento do programa do "GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL 2025" rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024 e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a "Asociación Cultural Abella Producións" axustase ás directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento de actividades socioculturais

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

A concesión da subvención directa á “Asociación Cultural Abella Producións” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2025, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación Cultural Abella Producións” ten como obxecto financiar a organización do programa do “GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL 2025” figurando na aplicación **3340.480.00.22** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 6.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación Cultural Abella Producións” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2025 e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas. Estes gastos deberán xustificarse coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de**

diferentes provedores, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, a concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 6.000 € (seis mil euros) á “Asociación Cultural Abella Producións”, CIF. G-2787770, para o financiamento do programa do “GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL 2025” , organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.22 “SUBVENCIÓN FREAKY FILM FESTIVAL”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a “Asociación Cultural Abella Producións” que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa do “GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL 2025”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓN”, PARA O FINANCIAMENTO DO GALICIAN FREAKY FESTIVAL 2025

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da alcaldía do 28 de xuño do 2023, modificado por resolución do 28 de xuño do 2024 e resolución de delegación do alcalde de competencias xenéricas e específicas do 28 de xuño do 2024

Doutra, D. Juan de Castro García, na súa condición de presidente da "**ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓN**S" (CIF: G-27877703) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social na rúa Urzáiz núm. 92, 1ºB Drta, CP 36204 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.-Que a entidade "**ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓN**S" é unha asociación sen ánimo de lucro que organiza dende o ano 2017 o "GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL", evento de cinema e cultura freak definitivo. Un festival que amosa unha coidada selección nacional e internacional de pezas audiovisuais que adoitan verse privadas das canles habituais de distribución. Pezas moitas veces inéditas en Galicia, así como grandes estreas mundiais, internacionais e nacionais. O audiovisual galego atópase nun período de madurez creativa e moitas das producións dos últimos anos son filmes dunha grandísima calidade que aínda non gozaron dunha distribución idónea. Do mesmo xeito, estas obras leváronse a cabo grazas ao financiamento tanto público como privado de entidades, empresas e persoas de Galicia. Polo tanto, un dos principais obxectivos desta cita consiste en abrir un novo punto de encontro para creadores/as do sector audiovisual, pero sobre todo un punto de encontro e de debate co seu público natural, o público galego.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da "**ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓN**S", como medio que é de promover a cultura audiovisual na cidade.*

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.22, como subvención nominativa, a favor da **"ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓN"**, a cantidade de 6.000 euros.

IV.- Que a **"ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓN"** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar este convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa do GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL durante o exercicio 2025, que se detalla na documentación achegada pola entidade e incorporada ao expediente.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 60.005 € (sesenta mil cinco euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 6.000 €
- Deputación Provincial de Pontevedra: 18.932,71 €
- AGADIC: 11.500 €
- ICAA: 5.000 €
- Patrocinios: 2.500 €
- Fondos propios da entidade: 6.300 €
- Entradas e merchandising: 8.000 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

– Actividades: 1.772,29 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Datas: 19 ao 27 de setembro do 2025

Sedes: Centro Comercial Praza Elíptica, Cines Tamberlick e na sala Apo'strophe.art

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Juan de Castro García, presidente da entidade.
- 2.Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3.Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, alugueiro e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 4.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 5.Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- 6.Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
- 7.Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á

xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8.A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

9.Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou ás doutros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales se facilitará tanta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. Colaborar co persoal que, no seu caso, desenvolva a/as auditoría/s xestionadas polo Concello de Vigo, prestando a debida colaboración, atendendo aos seus requirimentos e achegando, de selo caso, a documentación complementaria solicitada".

10. As entidades con personalidade xurídica que non teñan a obriga de levar a contabilidade deberán dispor dun control de ingresos e gastos que sexan imputados á actividade subvencionable.

10.Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. **Incorpórase ao expediente póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento do mesmo.**

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (6.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abranza a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

(LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 11 de novembro do 2025.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.

- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2025 e que teñan como data límite dous meses posteriores á última das actividades financiadas, que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en

función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2025, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
 - b) O acordo unánime de todos os asinantes.
 - c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

ORZAMENTO 2025

ORZAMENTO GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL 2025 - 9º EDICIÓN				
ORZAMENTO GASTOS SUBVENCIONABLES				
CONCEPTO		Cantidades / Prezos unit.	Sen IVE	Con IVE
Publicidade e difusión	Publicidade en medios	3uds anuncio x 165,28 €	495,87 €	600,00 €
	Redes	15uds publicidade x 24,79 €	371,90 €	450,00 €
	Imprenta	500 carteis e folletos x 3,30 €	1.652,89 €	2.000,00 €
	Instalacións na rúa	3uds valos x 413,22 €	1.239,67 €	1.500,00 €
	Servicios dixitais/virtuais	1 servcio x 826,45 €	826,45 €	1.000,00 €
	Comunicación, servcios	1 servcio x 1.611,57 €	1.611,57 €	1.950,00 €
	Outros soportes gráficos	200uds camisetas x 4,13 €	826,45 €	1.000,00 €
TOTAL PUBLICIDADE E DIFUSIÓN			7.024,79 €	8.500,00 €
Produción	Salas	1 salas x 8 días x 351,23 €	2.809,92 €	3.400,00 €
	Alugueres equipos	1ud pantalla x 1074,38 €	1.074,38 €	1.300,00 €
	Alugueres audio	1ud audio x 330,58 €	330,58 €	400,00 €
	Servizos técnicos salas	1 serv. produción x 1239,67	1.239,67 €	1.500,00 €
TOTAL PRODUCCIÓN			5.454,55 €	6.600,00 €
Servicios Profesionais	Deseñador 1	1ud imaxe gráfica x 991,74 €	991,74 €	1.200,00 €
	Deseñador 2	1ud ilustracións x 371,90 €	371,90 €	450,00 €
	Artistas e convidados profesionais	3 part. x 221,76 €	665,29 €	805,00 €
	Decoración	1ud decoradora x 1157,02 €	1.157,02 €	1.400,00 €
	Produción	1ud produtor x 1157,02 €	1.157,02 €	1.400,00 €
	Programación	4 ud curador x 619,83 €	2.603,31 €	3.150,00 €
	Fotografía	1 fotografo x 413,22 €	413,22 €	500,00 €
	Vídeo	1 cámara x 413,22 €	413,22 €	500,00 €
	Edición Fotografía e Vídeo	1 vídeo editado x 413,22 €	413,22 €	500,00 €
	Salario Axtes Dirección	2ud Axte x 3719,01 €	7.438,02 €	9.000,00 €
	Monitores e técnicos de sala	4 monitores sala x 72,31 €	289,26 €	350,00 €
	Comunicación Prensa	1 respon. prensa x 578,51 €	578,51 €	700,00 €
	Comunicación RRSS	1 respon. RRSS x 1652,89 €	1.652,89 €	2.000,00 €
	Soporte Técnico	3 respon. técnico x 964,18 €	2.892,56 €	3.500,00 €
	TOTAL SERVICIOS PROFESIONAIS			21.037,19 €
Xestións de películas e dereitos de exhibición	Dereitos de exhibicións	10 scren fee x 214,87 €	2.148,76 €	2.600,00 €
	Envíos e xestión	15 envíos x 16,52 €	247,93 €	300,00 €
TOTAL XESTIÓN DE PELÍCULAS E D. DE EXHIBICIÓN			2.396,69 €	2.900,00 €
Gastos de Subtitulación	Coordinación Subtitulado	1ud prof. x 2.341,59 €	7.024,79 €	8.500,00 €
TOTAL GASTOS SUBTITULACIÓN			7.024,79 €	8.500,00 €
Premios e galardóns	Elaboración de estatuillas	8 uds x 87,80 €	702,48 €	850,00 €
TOTAL PREMIOS E GALARDÓNS			702,48 €	850,00 €
Premios económicos	Premios gañadores/as	8 uds x 212,15 €	1.700,00 €	1.700,00 €
TOTAL PREMIOS ECONÓMICOS			1.700,00 €	1.700,00 €
Viaxes, dietas e protocolo	Aloxamento	30 hab/noites x 60,60 €	1.818,18 €	2.000,00 €
	Protocolo	100 servcios x 16,52 €	1.652,89 €	2.000,00 €
	Transporte	15 uds x 120,67 €	1.239,67 €	1.500,00 €
TOTAL VIAJES, DIETAS E PROTOCOLO			4.710,74 €	5.500,00 €
TOTAL GASTOS SUBVENCIONABLES			50.051,24 €	60.005,00 €

PREVISIÓN DE INGRESOS		
SUBVENCIÓN DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	15.646,87 €	18.932,71 €
SUBVENCIÓN AGADIC	9.504,13 €	11.500,00 €
SUBVENCIÓN SOLICITADA AO ICAA	4.132,23 €	5.000,00 €
SUBVENCIÓN NOMINATIVA DO CONCELLO DE VIGO	4.958,68 €	6.000,00 €
PATROCINIOS	2.066,12 €	2.500,00 €
FONDOS PROPIOS	5.206,61 €	6.300,00 €
INGRESOS ENTRADAS + MERCHANDISING	6.841,74 €	8.000,00 €
INGRESOS ACTIVIDADES	1.694,87 €	1.772,29 €
TOTAL INGRESOS	50.051,24 €	60.005,00 €

13(594).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE CONCERTOS 2025. EXPTE. 6160/330.

Visto o informe xurídico do 19/06/2025 e o informe de fiscalización do 21/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/06/2025, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 13 de xuño do 2025, a Orquesta Clásica de Vigo presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do programa de concertos con cargo ao orzamento 2025; por este motivo, por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, polo importe de 60.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.04 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A **ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro, decana das orquestras de Galicia, con trinta e cinco anos de existencia, e que ten acadado prestixio e personalidade propia no ámbito da música. A orquesta realiza de forma estable un programa de concertos anual, cunha actividade enfocada a investigar nos formatos e nas posibilidades de achegar a música a todos os públicos. Ademais sempre foi unha importante plataforma para a promoción da música e dos artistas locais.

PROGRAMACIÓN DA TEMPORADA

A programación constará de sete concertos iniciándose a temporada en decembro de 2024 co Concerto Extraordinario de Nadal ata xuño de 2025, pechando as actividades co Día Europeo da música conforme ao programa que se achega a este expediente de subvención.

Concerto 1: Concerto Extraordinario de Nadal 2024

Teatro Afundación de Vigo

Domingo 29 de decembro do 2024 ás 20:30h

Concerto 2: Concerto benéfico en favor de Discamino

Cine Teatro Salesianos, Vigo

Venres ,10 de Xaneiro do 2025 ás 21:00h

Concerto 3: Haydn e a Orquesta Clásica

Auditorio do Teatro Afundación, Vigo

Venres 21 de febreiro do 2025, ás 20:30h



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

Concerto 4: Mozart+Respighi

Auditorio do Teatro Afundación, Vigo
Mércores 12 de marzo do 2025, ás 20:30h

Concerto 5: As sete últimas palabras de Cristo na Cruz

Concatedral de Vigo
Sábado 12 de abril do 2025, ás 21:00h

Concerto 6: Beethoven: Misa en do maior

Teatro Afundación de Vigo
Sábado 10 de maio do 2025, ás 20:30h

Concerto 7: DÍA EUROPEO DA MÚSICA 2025

Concatedral de Vigo
21 de xuño do 2025, ás 21:00h

A memoria económica que se achega ao expediente, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 87.225,40 € (oíntenta e sete mil douscentos vintecinco euros con corenta céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 60.000 €
- Ingresos por taquilla: 27.225,40 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento do mesmo

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Orquesta Clásica de Vigo, para a organización do programa de concertos da temporada 2025, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en

materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

A subvención proposta atópase incluída no Plan Estratéxico de Subvencións (PES) para o período 2024-2026, aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024 (rectificación de erros do 15.03.2024). No dito PES se recolle un importe de 30.000 €; Neste exercicio 2025 está prevista nominativamente no orzamento municipal, aprobado definitivamente por acordo plenario de 23 de decembro de 2024, BOPPO núm. 250 do 27 de decembro de 2024, na aplicación 3340.480.00.08, un importe, segundo a proposta, de 60.000 €.

O propio documento aprobado do PES estipula no capítulo VII-Ámbito Temporal o seguinte: *“Non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, feito este que deberá quedar acreditado no expediente, por parte do centro xestor correspondente”.*

Dende esta xefatura acredítase que o incremento do importe da subvención nominativa prevista para a Orquesta Clásica de Vigo para o financiamento do ciclo de concertos da temporada 2025, pasando dos 30.000 €, previstos inicialmente no PES, aos 60.000 €, incluídos no orzamento municipal vixente para o exercicio 2025, trátase dunha mera variación do importe económico, sen que varíen o resto dos compoñentes da liña de subvención. O programa subvencionado segue sendo o mesmo: o financiamento do ciclo de concertos da entidade.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Orquesta Clásica de Vigo deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2025, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS.-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Orquesta Clásica de Vigo” ten como obxecto financiar a organización do programa de concertos con cargo ao orzamento 2025, figurando na aplicación **3340.480.00.04** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 60.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Orquesta Clásica de Vigo” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

*“**PRIMEIRO.-** Aprobar a concesión directa da subvención de 60.000 € (sesenta mil euros) á Orquesta Clásica de Vigo, CIF. G36688422, para o financiamento do programa de concertos con cargo ao orzamento 2025, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.04 “ ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO. PROGRAMA DE CONCERTOS”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

***SEGUNDO.-** As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:*

OBRIGAS DA ENTIDADE

1.E de responsabilidade da Entidade :

- A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
- A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de

espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

2. Actuará como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Gustavo Adolfo Barcia González, presidente da entidade
3. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
4. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada
5. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

6. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
7. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou ás doutros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales se facilitará tanta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. Colaborar co persoal que, no seu caso, desenvolva a/as auditoría/s xestionadas polo Concello de Vigo, prestando a debida colaboración, atendendo aos seus requirimentos e achegando, de selo caso, a documentación complementaria solicitada".
8. As entidades con personalidade xurídica que non teñan a obriga de levar a contabilidade deberán dispor dun control de ingresos e gastos que sexan imputados á actividade subvencionable.
9. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas ditas normativas sobre subvencións; particularmente



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

10. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos contratar e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se producira en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (60.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a axeitada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 11 de novembro de 2025
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe;
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2025 que teña como data límite dous meses á última das actividades subvencionadas. **Estos gastos deberán xustificarse coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.**

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de

Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

A concesión da subvención rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(595).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ENTIDADE CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA “X FESTIVAL DA MÚSICA DAS ARTES NAS ONDAS 2025”. EXPTE. 6161/330.

Visto o informe xurídico do 19/06/2025 e o informe de fiscalización do 24/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/06/2025, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 16 de xuño do 2025, o Conservatorio Superior de Música de Vigo presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do " X Festival da Música e das Artes nas Ondas 2025"; por este motivo, por parte desta xefatura iniciase o expediente de concesión da subvención correspondente , polo importe de 4.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.12 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

O Conservatorio Superior de Música de Vigo *é un centro educativo dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, creado na nosa cidade no ano 1956, que ademais realiza actividades de tipo cultural abertas a toda a cidadanía, entre elas o programa FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES “NAS ONDAS”, que serven como medio de promoción e dinamización da cultura da cidade e que celebra a quinta edición. O obxectivo fundamental do programa é a difusión das Artes Escénicas en xeral, con maior fincapé nas musicais e tamén quere dar a oportunidade ao desenvolvemente artístico e novos talentos, estudantes e persoas recién tituladas que poidan convivir nun espazo artístico con persoas de renome e traxectorias mais marcadas no ámbito da música.*

PROGRAMA E ORZAMENTO:

O programa do “ X *FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES NAS ONDAS 2025*” foi o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

	Febreiro			
1.	Martes 4 20h	"Continentes: América – Europa" Manuel Morales (frauta) e Raúl Rodríguez (piano)	EXPLURART	Auditorio Martin Códax
2.	Xoves 6 20h	"Amicus Certus" Marta Vélez Pérez (directora)	EXPLURART	Auditorio Martin Códax
3.	Venres 7 20h	"Beltenebros" Javier Martín (coreógrafo) Haruna Takebe (piano) e Masako Hattori (camarógrafa e performer)	X ANIVERSARIO NAS ONDAS	Auditorio Martin Códax
4.	Luns 10 20 h	Artificio Barroco - if music be the food of love Anna Lodone, Alejandro Parra, Alejandro Rodríguez, Adrián Esperón e Sara Cayetano	SEMANA DA MÚSICA ANTIGA	Auditorio Martin Códax
5.	Luns 10 (11 a 14h e 15- 17)	Introducción á danza histórica e a súa aplicación práctica para músicos (Pavana e Gallarda) Docente: Diego Ruenes	SEMANA DA MÚSICA ANTIGA	Auditorio Martin Códax e Aula de Orquestra
6.	Martes 11 17:30 a 19 h	"Corpos Sonoros II" Improvisacións entre a Música Antiga e a Danza Contemporánea Alejandra Balboa (coordinación danza) e Pavel Amílcar (coordinación música)	SEMANA DA MÚSICA ANTIGA	Auditorio Martin Códax
7.	Martes 11 20 h	Le Parnasse François Las Preciosas (Viktorii-Nadliia Salo, Anna Lodone e Sofia Villanueva Aldeanueva)	SEMANA DA MÚSICA ANTIGA	Auditorio Martin Códax
8.	Mércores 12 12 a 14h	Conferencia e concerto de clave por Nataliia Sikorska	SEMANA DA MÚSICA ANTIGA	Aula Polivalente
9.	Mércores 12 19:30h	Relatorio: Que é a Música Antiga? Impartido Diego Ruenes	SEMANA DA MÚSICA ANTIGA	Aula de Orquestra
10.	Xoves 13 20h	Alcyone (Marin Marais) Suite instrumentais Orquestra barroca do CSMVigo. Coa participación do alumnado do CSMVigo, do Cmus de Ourense e do Cmus Manuel Quiroga de Pontevedra	SEMANA DA MÚSICA ANTIGA	Auditorio Martin Códax
11.	Venres 14 20h	"Andere Fassung" Rafa Muñoz, arqui-laúde	SEMANA DA MÚSICA ANTIGA	Biblioteca CSM de Vigo
12.	Martes 18 20 h	Semana Internacional Erasmus – Docentes Ucrania. CONCERTOS POLA PAZ Oleh Kopeliuk e Ihor Sediuk (Dúo piano) Nataliya Govorukhina (voz) e Iryna Sukhlenko (piano) Docentes da Kharkiv "I.P. Kotlyarevsky" National University Of Arts	SON ERASMUS	Auditorio Martin Códax
13.	Xoves 20 20 h	Semana Internacional Erasmus – Docentes Ucrania. CONCERTOS POLA PAZ Docentes da Ukrainian National Tchaikovsky Academy of Music – Kiev Nataliia Sikorska (clave), Dmytro Tkachenko (violin), Kateryna Polianska (cello), Bohdan Rumiantsev (cello)	SON ERASMUS	Auditorio Martin Códax
14.	Martes 25 12h	"A Producción nas Industrias Culturais" con Cecilia Carballido, Tati García e Patricia Hermida	SEMANA DE PRODUCCIÓN E XESTIÓN	Aula de Orquestra
15.	Martes 25 17h	Relatorio con Javier Abreu	SEMANA DE PRODUCCIÓN E XESTIÓN	Aula Polivalente
16.	Martes 25 20h	Concierto: Dúo Metis	SEMANA DE PRODUCCIÓN E XESTIÓN	Auditorio Martin Códax
17.	Mércores 26 12h	Relatorio: A xestión das orquestras	SEMANA DE PRODUCCIÓN E XESTIÓN	Auditorio Martin Códax
18.	Mércores 26 16h	Taller na ESADg (ESADG)	SEMANA DE PRODUCCIÓN E XESTIÓN	Auditorio Martin Códax

16		A sección de propiedade intelectual dando a	SEMANA DE PRODUCCIÓN	Aula
34.	Mércores 2 20h	O plano na música latinoamericana Erica Rodríguez, Sergio Rodríguez, David Buceta, Alba Feijoo, Cristina Redondo, Mirta Arribas	DE PIANO	Auditorio Martín Códax
35.	Xoves 3 20 h	Luces e sombras do pianismo: de Beethoven a Prokofiev Adrián Abalde Lameiro, Emma Rial Vázquez, Helena Fernández Gil, Rafael Rodríguez Senn e Manuel Muñiz Pintos	DE PIANO	Auditorio Martín Códax
36.	Venres 4 20 h	Rachmanolus contra o piano Jose Manuel Fernández (piano e narración)	DE PIANO	Auditorio Martín Códax
37.	Martes 8 20 h	Semana Internacional Erasmus	SON ERASMUS	Auditorio Martín Códax
38.	Xoves 10 20 h	Semana Internacional Erasmus	SON ERASMUS	Auditorio Martín Códax
39.	Martes 22 20 h	Sonatas & Spiritual Ballads Docentes de Academia de Música de Zagreb. Saša Nestorović, soprano (saxofón) e Sabrina Zelić (piano)	SAXORNADAS	Auditorio Martín Códax
40.	Mércores 23 20 h	Syderix, dúo de saxofóns Efrén Soto López (saxofón) e Lilliana Ortega Arteaga (saxofón). Colabora: Magdalena Argibay Ligero (piano)	SAXORNADAS	Auditorio Martín Códax
41.	Xoves 24 20 h	Essenza Quartet	SAXORNADAS	Auditorio Martín Códax
42.	Venres 25 20h	O saxofón na música de Latinoamérica Docente de Conservatorio de Trapani. Silvio Zalambani e Ensemble de Saxofóns do CSM de Vigo)	SAXORNADAS	Auditorio Martín Códax
43.	Luns 5 20h	Efémeras CANTOMETRICS. Marina Vigo (Gaita), Luís Bolón (Zanfona), Sandra Pérez (Percusión), Nèbeda Piñeiro (Voz) e Fran Trashorras (Acordeón)	SEMANA DA MÚSICA TRADICIONAL	Auditorio Martín Códax
44.	Martes 6 19 h	Presentación do libro: Tocadoras do Val do Dubra. Por que non hei de cantare	SEMANA DA MÚSICA TRADICIONAL	Auditorio Martín Códax
45.	Martes 6 20 h	Latriqueiras da A.C.F. O Fiadeiro Tamara Costas (directora)	SEMANA DA MÚSICA TRADICIONAL	Auditorio Martín Códax
46.	Mércores 7 19 h	Presentación do traballo discográfico: Xoán Carlos Rilo "O Ronseal do meu sentir"	SEMANA DA MÚSICA TRADICIONAL	Auditorio Martín Códax
47.	Mércores 7 20 h	Concerto IMTP Alumnado e profesorado de IMTP	SEMANA DA MÚSICA TRADICIONAL	Auditorio Martín Códax
48.	Xoves 8 20 h	Concerto das letras galegas Alumnado do Departamento de Canto, Guitarra, IMPT, Composición e Producción e Xestión. Oswaldo Oro, Angela Placer, Ivan Abal e Jose Manuel Fernández	LETRAS GALEGAS	Auditorio Martín Códax
49.	Venres 9 20 h	Monográfico sobre Octavio Vázquez Roberto Noche (clarinete), Luis Caballero (violoncello), Severino Ortiz (piano), Fernando Raña (fauta) e Rasa Biveiniene (piano)	EXPLURART	Auditorio Martín Códax
50.	Mércores 14 20 h	Coro Conservatorio Superior de Música de Vigo Amalia Guerrero Rocha (directora)	ABRENTE	Auditorio Martín Códax
51.	Xoves 15 18 h 20 h	Banda de Música do CSMVigo Juan Carlos Díaz (director) Okko Kivikataja (director convidado) Marco e Andrea Micucci.	ABRENTE DE PIANO	Auditorio Martín Códax Martín Códax



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

52.	Xoves 15 20 h	Orquestra Sinfónica do CSMVigo Juan Carlos Díaz (director) Okko Kivikataja (director convidado)	ABRENTE	Auditorio Martin Códax
53.	Venres 16 20 h	Orquestra Barroca do CSMVigo Sara Ruiz (director)	ABRENTE	Auditorio Martin Códax
54.	Venres 30 20 h	Concerto de premiados no XI Concurso de Música de Cámara do CSMVigo	ABRENTE	Auditorio de Praza do Rei
55.	Xoves 5 20 h	Acto de Graduación e Clausura do Curso Académico 2024-25	ACTO GRADUACIÓN	Auditorio Martin Códax

A memoria económica que se achega a esta proposta, incorpora o orzamento xeral de gastos e ingresos do programa polo importe total de 4.552,91 € (catro mil cincoentos cincuenta e dous euros con noventa e un céntimos) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 4.000 euros
- Achega da entidade : 552,91 euros

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud e autorización á consulta dos datos tributarios
- Memoria e orzamento da actividade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo ao Conservatorio Superior de Música de Vigo, para a organización do " X Festival da Música e das Artes Vigo nas Ondas 2025", rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024 e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo ao “Conservatorio Superior de Música de Vigo”, para a organización do “X Festival da Música e das Artes Vigo nas Ondas 2025”, se axusta as directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento de actividades socioculturais

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á entidade “Conservatorio Superior de Música de Vigo” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2025, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á entidade “Conservatorio Superior de Música de Vigo” ten como obxecto financiar a organización do “**X FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES NAS ONDAS 2025**” figurando na aplicación **3340.480.00.12** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 4.000 €, a favor da entidade.

A subvención do Concello de Vigo á entidade “Conservatorio Superior de Música de Vigo” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 4.000 euros (catro mil euros) ao Conservatorio Superior de Música de Vigo, CIF. Q-8650014G, para o financiamento do X Festival da Música e das Artes Nas Ondas 2025, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.12 "SUBVENCIÓN CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA. FESTIVAL NAS ONDAS", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA ENTIDADE

1.E de responsabilidade da Entidade :

- A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
- A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

2.Actuará como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Esteban Valverde Corrales, director do CSM Vigo.

3.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

4.Ter incorporado os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada

5.Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

- 6.A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- 7.Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou ás doutros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales se facilitará tanta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. Colaborar co persoal que, no seu caso, desenvolva a/as auditoría/s xestionadas polo Concello de Vigo, prestando a debida colaboración, atendendo aos seus requirimentos e achegando, de selo caso, a documentación complementaria solicitada".
- 8.As entidades con personalidade xurídica que non teñan a obriga de levar a contabilidade deberán dispor dun control de ingresos e gastos que sexan imputados á actividade subvencionable.
- 9.A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas ditas normativas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- 10.Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos ter contratado e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se puido producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta copia do seguro de responsabilidade civil.

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (4.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 11 de novembro de 2025.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.

5. Reportaxe fotográfica.

- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

Gastos subvencionables:

Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2025 que teña como data límite dous meses á última das actividades subvencionadas. **Estos gastos deberán xustificarse coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.**

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(596).- PROPOSTA DE SOMETEMENTO A CONSULTA PÚBLICA PREVIA DA REDACCIÓN E APROBACIÓN DA “ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

DAS VIVENDAS DE USO TURÍSTICO E DOS APARTAMENTOS E VIVENDAS TURÍSTICAS". EXPTE. 129198/421.

Visto o acordo do Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 22/07/2025 que acorda "elear a Xunta de Goberno Local a proposta de sometemento a consulta pública previa da redacción e aprobación da Ordenanza Municipal Reguladora das Vivendas de Uso Turístico e dos Apartamentos e Vivendas Turísticas", sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/07/2025, asinado polo técnico de Administración Xeral e conformado polo Xerente de Urbanismo e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Visto o informe emitido polo Enxeñeiro de edificación municipal, Xefe de Licenzas da XMU deste Concello con data do 24/06/2025 sobre a necesidade de proceder á redacción e aprobación da Ordenanza municipal reguladora das vivendas de uso turístico e apartamentos e vivendas turísticas e consoante o establecido no artigo 172 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, cabe emitir informe xurídico sobre o procedemento a seguir con base nos seguintes:

ANTECEDENTES

1º) O Pleno municipal na sesión ordinaria celebrada o día 26 de maio de 2025 aprobou definitivamente o texto do PXOM 2025, dentro do cal o artigo 46.2 das Normas Urbanísticas do documento de Revisión do Plan Xeral de ordenación Municipal de Vigo, remite á elaboración dunha Ordenanza a implantación e intensidade do uso Terciario: Hoteleiro. Viviendas de uso turístico e de Apartamentos e vivendas turísticas en ámbitos do territorio municipal. Dito PXOM foi publicado no DOGA do 30 de xuño de 2025.

2º.-) O Plan Normativo anual do Concello de Vigo correspondente ao ano 2025 aprobado polo Pleno do Concello na sesión de data 25.11.2024 non inclúe a devandita Ordenanza, pero vista a xustificación contida no informe do Enxeñeiro de edificación antes citado, e polo cal con data 09/07/2025 a Concelleira Delegada da Área de Urbanismo e Vivenda resolveu, mediante Decreto, incoar o expediente administrativo para a tramitación e aprobación da modificación da "Ordenanza reguladora das vivendas de uso turístico e apartamentos e vivendas turísticas", nomeando instructor a este informante.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I. LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: arts. 129 e 133.

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local: arts 4.1 a), 22.1 d) (municipios de réxime común) e 127.1 (municipios de gran poboación).
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno: artigo 7.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

II. CONCEPTO E CONTIDO

O artigo 4.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local atribúe aos municipios na súa calidade de Administracións públicas de carácter territorial, e dentro da esfera das súas competencias, as potestades regulamentaria e de auto-organización.

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante LPAC), no seu Título VI, dedicado á iniciativa lexislativa e a potestade de pronunciar regulamentos, recolle unha nova regulación respecto á normativa anterior, facendo referencia aos principios de boa regulación aos que as Administracións Públicas han de axustar o exercicio da iniciativa lexislativa e a potestade regulamentaria. Así, no seu artigo 129 establece que as Administracións Públicas actuarán consonte os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Neste sentido, en aras a incrementar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, o artigo 133 impón a obrigaón de substanciar unha consulta pública con carácter previo á elaboración do proxecto de regulamento, ordenanza ou disposición xeral que se preveña a través do portal web da Administración Pública competente na que se solicitará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados acerca dos problemas que se pretende solucionar coa iniciativa; a necesidade e oportunidade da súa aprobación; os obxectivos da norma e, por último, as posibles alternativas regulatorias e non regulatorias. O informe emitido polo Enxeñeiro de edificación municipal, Xefe de licenzas da XMU deste Concello con data do 24/06/2025 sobre a necesidade de proceder á redacción e aprobación da Ordenanza municipal reguladora das vivendas de uso turístico e apartamentos e vivendas turísticas contén os aspectos que pretende solucionar a ordenanza a tramitar.

III. CARACTERÍSTICAS

Como características da consulta previa podemos sinalar as seguintes:

- é un trámite de carácter obrigatorio, agás as excepcións sinaladas no apartado 4 do artigo 133.
- realízase con carácter previo á elaboración do proxecto de regulamento, ordenanza ou outra disposición xeral.
- deberá poñerse ao dispor dos potenciais destinatarios da norma e de quen pretenda realizar achegas, para que teñan a posibilidade de emitir a súa opinión, os documentos necesarios que serán claros e concisos e reúnan toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia (apartado 3 do artigo 133). É obvio que no momento en que se produce a consulta previa aínda non existe o proxecto da ordenanza, regulamento ou disposición xeral que se pretende elaborar, de modo que os documentos para expoñer (que non se mencionan no precepto citado) deberán conter simplemente información expresiva e suficiente sobre os extremos anteriormente indicados que se relacionan no apartado 1 do artigo 133 da LPAC.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

- a consulta previa substanciarase a través do portal web da Entidade Local correspondente.
- os destinatarios serán os suxeitos e organizacións máis representativas potencialmente afectados pola nova norma.
- a participación cidadá na consulta pública previa o será sen prexuízo dos trámites de audiencia pública que procedan legalmente.
- prazo: o artigo 133 da LPAC non o sinala expresamente, pero o seu apartado terceiro establece que a consulta deberá realizarse de forma tal que os potenciais destinatarios da norma e quen realice achegas sobre ela teñan a posibilidade de emitir a súa opinión, para o que poidan poñerse ao seu dispor os documentos necesarios, que serán claros, concisos e reunir toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia.

Por analoxía co efectuado noutros expedientes de tramitación de Ordenanzas, establécese un prazo de vinte días para a consulta previa pública.

- efectos: o resultado da participación só ten efectos administrativos internos preparatorios da redacción do proxecto de ordenanza; en consecuencia, non é vinculante para a Entidade Local que os elabora. Non se trata dunha negociación entre cidadáns e Administración. Con todo, resultará útil tomar en conta o manifestado, en canto resulte preciso, con iso lograrase previsiblemente a mellor aceptación da futura norma polos seus destinatarios e unha menor litixiosidade contra a mesma.

IV. EXCEPCIÓNS

Só pode prescindirse deste trámite, segundo o apartado 4 do artigo 133 da LPAC, no caso da elaboración de:

- Normas orzamentarias
- Normas organizativas
- Cando concorran razóns graves de interese público, (na tramitación das normas), que así o determinen.
- Proposta normativa que non teñan un impacto significativo na actividade económica.
- Proposta normativa que non imponha obrigacións relevantes aos destinatarios.
- Proposta normativa que regule aspectos parciais dunha materia.
- Proposta normativa para as que se acorde a súa tramitación urxente.

V. PROCEDIMENTO E ÓRGANO COMPETENTE

O trámite de consulta previa substanciase con carácter previo á elaboración do proxecto da ordenanza, polo que nesta fase do procedemento o texto íntegro da norma modificada non se coñece.

En relación co órgano competente para ordenar ao trámite de consulta previa temos de considerar ante o silencio da norma reguladora que corresponderá a Xunta de Goberno Local, mediante Providencia ou Proposta, xa que o artigo 127.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local dispón que “corresponde á Xunta de Goberno Local: a) A aprobación dos proxectos de ordenanzas e dos regulamentos, incluídos os orgánicos, con excepción das normas reguladoras do Pleno e as súas comisións”.

Deberase elaborar e poñer ao dispor da cidadanía unha descrición clara e concisa dos extremos da consulta, xunto con todos os documentos necesarios, os cales serán claros, concisos e reunir toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia, tal e como sinala o artigo 133.3 da LPAC.

VI. INFORME DE EVALUACIÓN

O departamento competente en materia de participación cidadá poderá elaborar un informe de participación e colaboración, no que se recolla o resultado do proceso participativo, os medios empregados e a avaliación de como esa participación condicionou ou influíu na actuación administrativa.

O Concello de Vigo, facilitará a máis ampla información sobre a consulta previa e a participación dos cidadáns nela, por así dispoñelo o artigo 251.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

De feito, en cumprimento das obrigacións de transparencia da información de relevancia xurídica, consonte o establecido no artigo 7 a), d) e e) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberánse publicar as respostas á consulta exposta na medida que supoñan unha interpretación do Dereito ou teñan efectos xurídicos, así como as memorias e informes que conformen os expedientes de elaboración dos textos normativos e os documentos que conforme a lexislación vixente, deban ser sometidos a un período de información pública.

A citada publicación realizarase na sede electrónica, portal ou páxina web do Concello de Vigo, e non estaría de máis avisar mediante correo electrónico dirixido aos Colexios profesionais de Arquitectos e Arquitectos técnicos, así como a Asociación de Vivendas Turísticas de Galicia (AVITURGA) da existencia de dito trámite de consulta previa.

Con data 09/07/2025 a Concelleira Delegada da Área de Urbanismo resolveu, mediante Decreto, incoar o expediente administrativas para a tramitación e aprobación da modificación da “Ordenanza Reguladora das vivendas de uso turístico e apartamentos e vivendas turísticas.”

De acordo coa normativa de aplicación (artigo 127.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local), previa toma de coñecemento polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Abrir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para a elaboración e aprobación da “Ordenanza Municipal Reguladora das vivendas de uso turístico e apartamentos e vivendas turísticas”, a través do enderezo <https://consulta.vigo.org>, durante o prazo de vinte días, por remisión do artigo 83 do mesmo corpo legal, para que a cidadanía, as organizacións e as asociacións que así o consideren, poidan facer chegar as súas opinións sobre os aspectos que figuran recollidos no anexo I do presente acordo.

SEGUNDO: Dar traslado deste acordo ao Servizo de Administración Electrónica para apertura do trámite de consulta na sede electrónica e no portal da transparencia.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

TERCEIRO: Comunicar o presente acordo á Concellería delegada de Urbanismo e publicar o presente acordo na intranet municipal, sede electrónica e no portal da transparencia e envialo por correo electrónico aos distintos Colexios profesionais implicados (Arquitectos e Arquitectos técnicos), e á Asociación de Vivendas Turísticas de Galicia (AVITURGA).

Non obstante, este informe proposta non é vinculante e o órgano competente poderá decidir, co seu superior criterio, o que estime conveniente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

REDACCIÓN E APROBACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS VIVENDAS DE USO TURÍSTICO E DOS APARTAMENTOS E VIVENDAS TURÍSTICAS.

TRÁMITE DE CONSULTA PÚBLICA PREVIA AO PROCEDEMENTO DE REDACCIÓN E APROBACIÓN DA NORMA

De conformidade co disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, con carácter previo á elaboración dos proxectos ou anteprojectos da lei e regulamentos, substanciárase unha consulta pública para recabar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma, lévase a cabo a consulta previa no procedemento para a redacción da Ordenanza Municipal Reguladora das vivendas de uso turístico e apartamentos e vivendas turísticas .

A) Antecedentes da norma	As vivendas de uso turístico (VUT) e os apartamentos e vivendas turísticas (AT) están definidos na Lei 7/2011, de Turismo de Galicia, concretamente no seu artigo 65 bis (introducido pola Lei 12/2014), e regulados polo Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro. Esta normativa establece que se trata dunha actividade de aloxamento temporal de natureza terciaria, suxeita a declaración responsable e outros requisitos específicos, tales como: • Seguro de responsabilidade civil. • Condicións técnicas e urbanísticas mínimas. • Rexistro de partes de viaxeiros e libro de reclamacións. A xurisprudencia recente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (sentenzas de 07/04/2022 e 27/01/2023) confirma que a acti-
--------------------------	---

	vidade das VUT constitúe un uso terciario de hospedaxe, e non residencial, debendo axustarse tanto á normativa sectorial como á urbanística, polo que require título habilitante municipal. Así mesmo, o artigo 46.2 das Normas Urbanísticas do documento de Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, aprobado definitivamente polo Pleno do 26.05.2025 (PXOM-2025), establece expresamente que: «Mediante ordenanza municipal específica poderá regularse a implantación e intensidade do uso Terciario: Hoteleiro. Vivendas de uso turístico e do uso Terciario: Hoteleiro. Apartamentos e vivendas turísticas en ámbitos determinados do territorio municipal». O PXOM-2025 reconece, polo tanto, o carácter terciario deste uso e habilita ao Concello para regular a súa implantación mediante ordenanza específica. Esta previsión responde, ademais, á crecente necesidade de clarificar a compatibilidade urbanística destas actividades nos distintos ámbitos da cidade, ofrecendo seguridade xurídica tanto aos titulares das vivendas como aos veciños e aos servizos de inspección e control.
B) Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa	1. Proliferación incontrolada de VUT e AT, especialmente no centro urbano e en barrios históricos como o Casco Vello, Bouzas, Areal ou O Berbés, con máis de 1.600 rexistradas en febreiro de 2024. Segundo datos do Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas de Galicia (REAT), en xuño de 2025 superan xa as 2.050 vivendas de uso turístico inscritas no termo municipal de Vigo, o que supón un incremento de case un 30 % nun só ano. Este crecemento acentúa a presión sobre o parque residencial e duplica amplamente a capacidade hoteleira convencional da cidade. 2. Presión sobre o mercado de alugueiro, cun incremento superior ao 50 % nos prezos desde 2014, alcanzando máximos históricos en febreiro de 2025 e xerando unha expulsión progresiva da poboación residente con rendas medias cara a zonas periféricas. 3. Dificultade de acceso á vivenda habitual para sectores prioritarios como mocidade, familias monoparentais ou fogares vulnerables, o que compromete a cohesión social e a funcionalidade urbana. 4. Conflitos de convivencia entre residentes e turistas, de-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

	rivados do uso intensivo, ruídos, residuos, falta de identificación de responsables e ausencia de control presencial da actividade. 5. Inseguridade xurídica ante a ausencia dunha norma municipal clara sobre as condicións para o exercicio desta actividade, dificultando a actuación inspectora e a reposición da legalidade.
C) Necesidade e oportunidade da súa aprobación	A ordenanza permitirá: • Dar cumprimento ao mandato do artigo 46.2 do PXOM-2025. • Garantir unha ordenación racional, equilibrada e compatible do uso turístico da vivenda, evitando fenómenos de gentrificación e turistificación excesiva. • Protexer o dereito a unha vivenda digna (art. 47 CE) e o mandato do Estatuto de Autonomía de Galicia para un urbanismo ao servizo da cidadanía. • Establecer requisitos obxectivos, verificables e públicos para o exercicio da actividade en todo o término municipal. • Previr prácticas abusivas, eliminar situacións de opacidade e reforzar a capacidade inspectora do Concello. A regulación mediante ordenanza permite tamén homoxeneizar criterios con outras cidades galegas e españolas que xa contan con normas propias (A Coruña, Santiago, Barcelona, Donostia, Valencia), evitando agravios comparativos e fomentando unha competencia leal no sector.
D) Obxectivos da norma	• Establecer un procedemento municipal claro e seguro para a autorización de VUT e AT, mediante de comunicación previa, conforme á Lei 2/2016 do solo de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento. • Determinar as condicións urbanísticas que deberán cumprir as VUT e AT para a súa implantación, determinando así o réxime xurídico urbanístico, incluíndo, de ser o caso: • delimitación de zonas saturadas, • cotas máximas por edificio,

	• limitacións por andares ou por tipo de vivenda, • determinar a compatibilidade de accesos entre o uso que se pretende regular e o resto de usos existente no edificio, • distancias mínimas entre vivendas turísticas. • Regular os requisitos técnicos e documentais exixibles na solicitude. • Dotar á administración local de ferramentas de inspección, control e sanción proporcionadas e eficaces. • Garantir a convivencia entre usos residencial e turístico e preservar a calidade de vida e o benestar da veciñanza.
E) Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias	• Opción non regulatoria: aplicación exclusiva da normativa autonómica. Resulta insuficiente para controlar a concentración de vivendas turísticas, carece de ferramentas de zonificación e non contempla a singularidade urbana de Vigo nin permite ordenar a actividade con base en criterios locais. • Opción regulatoria municipal (proposta): elaboración dunha ordenanza específica, conforme ao PXOM-2025 e á normativa galega de turismo e solo. Permitirá dotar á cidade dunha regulación adaptada á súa realidade e necesidades sociais, ambientais e urbanísticas, así como anticiparse a futuras modificacións lexislativas.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Desistimento do Recurso de Apelación do Concello de Vigo contra a Sentenza nº 108, do 24 de maio, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo, en relación coa prorroga do contrato de servizos de limpeza da Casa do Concello e outras instalacións e dependencias municipais adxudicado a URBASER S.A. Expte. 8985/252.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

- .- Expediente de contratación do subministro dos equipamentos necesarios para a adaptación a grao 2 das instalacións das alarmas anti-intrusión de 31 centros de educación infantil, primaria e especial. Expte. 98995/332.
- .- Adxudicación da contratación da ópera "Turandot" dentro dos espectáculos de verán de Vigo en Festas 2025. Expte. 10444/335.
- .- Adxudicación da contratación do evento "Los 40 Summer Live" dentro dos espectáculos de verán de Vigo en Festas 2025. Expte. 10450/335.
- .- Expediente de contratación do servizo de vixilancia de seguridade e mantemento de instalacións de seguridade en centros e actividades da Área de Cultura. Expte. 3986/341.
- .- Proposta de aprobación do proxecto "Mellora e aumento de aforo das gradas de Río e Marcador no Estadio Municipal de Balaídos". Expte. 6762/443.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

16(597).- DESISTIMENTO DO RECURSO DE APELACIÓN DO CONCELLO DE VIGO CONTRA A SENTENZA Nº 108, DO 24 DE MAIO, DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO, EN RELACIÓN COA PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE LIMPEZA DA CASA DO CONCELLO E OUTRAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS MUNICIPAIS ADXUDICADO A URBASER S.A. EXPTE. 8985/252.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 31/07/2025, asinado polo xefe do Servizo de Limpeza e Xestión de Residuos e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

- 1.** O Contrato dos servizos de limpeza da casa consistorial e outras instalacións e dependencias do Concello de Vigo (expte. 81/441), adxudicouse por Acordo da Xunta de Goberno Local de 6 de setembro de 2019 á empresa URBASER, S.A, por un prezo total de 8.403.831,10 euros, IVE engadido, e un prazo de catro anos coa posibilidade dun ano máis de prórroga.
- 2.** O contrato formalizouse en data 10/10/2019, iniciándose a prestación o 01/11/2019 polo que a data de remate conforme á duración inicial sería o día 31 de outubro do 2023.
- 3.** En data 17 de xullo do 2023 o 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro-delegada da Área de goberno de Fomento e servizos resolveu tramitar a prórroga prevista no contrato. O expediente que se tramitou para a prórroga foi o 8450/252, que concluíu co acordo da prórroga por un ano adoptado polo órgano de contratación do concello de Vigo na sesión ordinaria de 08 de setembro de 2023.
- 4.** Consta no expediente de prórroga (8450/252), o aviso previo de prorrogación á empresa adxudicataria URBASER, S.A. enviado en data 20 de xullo de 2023 e recibido por esta o 21 de xullo de 2023 (máis de dous meses de antelación á data de fin).
- 5.** Á conclusión do expediente de prórroga e unha vez adoptado o acordo pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en data 08/09/2023, este foi notificado á empresa o día 15 de setembro de 2023, e recibido por esta o día 18 de setembro de 2023.
- 6.** O 14 de setembro de 2023, un día antes da remisión da notificación do acordo de prorrogación do órgano de contratación, a representación de Urbaser, S.A. presentou escrito ante esta Administración municipal (doc 230292882), no que aducía que ao non terse recibido por esta mercantil o acordo da Xunta de Goberno Local de prórroga do contrato de referencia, con dous meses de antelación á data de finalización do mesmo, tiña que entenderse, de acordo coa literalidade do PCAP do contrato que este finalizaba o 31 de outubro de 2023, e que a continuación do contrato ao abeiro do principio de continuidade dos servizos públicos, debía realizarse coa correspondente compensación económica determinada de mutuo acordo entre o Concello e Urbaser, S.A.

Este documento de alegación da empresa está unido no paso 1021 do expediente do contrato (81/441), e argumenta que o punto 3º da cláusula 7 "Prazo" do PCAP do contrato, establece que "A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato".
- 7.** Recibida por Urbaser, S.A. a notificación do acordo municipal de prorrogación, por esta, en prazo hábil, interpúxose recurso de reposición contra o mesmo, no que se opoñía á prorrogación do contrato acordada en base aos mesmos argumentos aducidos no escrito de 14 de setembro de 2023 referida no punto 6 destes antecedentes.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

O recurso de reposición recibíuse mediante documento do rexistro xeral municipal en data 11/10/2023 (doc: 230324274) e quedou unido ao expediente de prórroga (8450/252) no paso 89.

8. En sesión ordinaria do 17/11/2023 a Xunta de Goberno Local acordou desestimar o recurso de reposición interposto pola mercantil URBASER, S.A.U., xa que no acordo de prórroga fundamentábase que a prestación dos servizos de limpeza realizaríase durante o ano de prórroga ao mesmo prezo que o derradeiro ano do contrato tal como establecía o PCAP.

9. A mercantil URBASER interpuxo Recurso Contencioso Administrativo que se tramitou como Procedemento Ordinario nº 372/2023, contra a resolución da XGL do 17/11/2023 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra outra do 08/09/2023 que aprobou a prórroga do contrato dos servizos de limpeza da Casa Consistorial e outras instalacións e dependencias do Concello de Vigo. Este procedemento xudicial tramitouse pola Asesoría Xurídica municipal no expediente 16705-111.

10. A partir do día 1 de novembro do ano 2023, a empresa URBASER continuou prestando o servizo de limpeza das dependencias municipais sen ningún tipo de incidente, e o Concello de Vigo pagou puntualmente todas as facturas que mensualmente se presentaron ao cobro pola empresa, ao prezo acordado na prórroga, que era o mesmo que o do derradeiro ano do contrato tal como establecía o PCAP.

11. En data 24/05/2024 o Xulgado contencioso/administrativo nº 2 de Vigo dictou a sentenza nº 108 co seguinte teor literal: *“Declaro la disconformidad a Derecho de la actuación administrativa impugnada, de las dos resoluciones que se anulan y revocan, y declaro el derecho a favor de URBASER: 1º- A que no aplique la prórroga contractual, prestándose el servicio en prórroga forzosa por principio de continuidad de los servicios públicos. 2º- A que se establezcan las condiciones de prestación del servicio en prórroga forzosa en las de los costes reales. 3º- A reclamar la cuantía de los costes reales que se devengue durante la prórroga forzosa cuando sea posible su cuantificación”*.

12. A sentenza foi apelada pola Asesoría Xurídica municipal por estritas razóns de defensa do interese público municipal, dado que tanto o servizo xestor do contrato coma o propio acordo do órgano de contratación, establecían a necesidade da prórroga do contrato e o abono dos custes ao prezo marcado no PCAP.

O recurso de apelación foi o número 7157/2024 e recae na sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, pero a tramitación suspendeuse por auto deste tribunal do 20/12/2024 ata que se resolva o recurso de casación número 6338/2022 por aplicación análoga do artigo 56.5 da LRJCA.

Neste mesmo estado de suspensión continúa na data de sinatura desta proposta.

13. En data 11/10/2022 o Concelleiro Delegado do área de fomento e servizos decretou o inicio do procedemento para a nova contratación do servizo de limpeza das dependencias

municipais e outras instalacións do Concello de Vigo (Exp. Nº 8173/252). Este expediente debía concluír coa adxudicación do contrato e o inicio da prestación o día 1 de novembro do 2024 pero tal como se detallará máis en diante deste informe, demorouse dous meses. En data 09/08/2024 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente e publicar a licitación.

14. En data 18/10/2024 a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar o novo contrato á empresa ONET IBERIA SOLUCIONES por importe de 9.778.103,34 € para a parte fixa e 270.882,70 € para a parte variable. Esta data de adxudicación foi anterior á data de finalización da prórroga do contrato, pero o cumprimento dos prazos legais para o recurso especial en materia de contratación máis os recursos presentados polos licitadores, determinaron que non se iniciase a prestación na data prevista.

15. Con posterioridade á data de adxudicación e dentro do prazo legal dos 15 días tras esta, interpuxéronse dous recursos especiais en materia de contratación, o que provocou a suspensión automática do procedemento por efecto do artigo 53 LCSP e demorou o inicio da nova prestación que se produciu a todos os efectos o día 1 de xaneiro do ano 2025 (2 meses exactos despois da data de finalización da prórroga).

16. O atraso producido pola presentación dos recursos especiais en materia de contratación e a suspensión do procedemento ata a súa resolución, non permitiu iniciar a prestación do novo contrato na data prevista (01/11/2024) polo que desde a Concellería de Fomento e Servizos do Concello de Vigo propúxose a “URBASER, S.A.” o mantemento da prestación deste servizo esencial durante o período de tempo imprescindible que mediase entre o remate do contrato orixinario que estaba prorrogado e o inicio da execución do novo que o substitúa. A empresa manifestou que estaba disposta a garantir a continuidade do servizo ata o inicio da nova prestación, sempre que se lle aboase o mesmo prezo que viña percibido durante o ano da prórroga, o que así se fixo.

17. A continuidade do servizo fora do prazo contractual e fora da prórroga (meses de novembro e decembro do 2024) mantívose por parte da empresa, e a prestación realizouse a completa satisfacción desta Administración municipal. O prezo aboado á empresa nestes dous meses foi o mesmo que durante o ano de prórroga e coincidente co do derradeiro ano do contrato.

As facturas presentadas ao cobro por URBASER S.A.U para sufragar os gastos da continuidade do servizo (meses de novembro e decembro do 2024), tramitáronse mediante expedientes de indemnización substitutiva (Exp: 852/252 e Exp: 8887/252) e o pago materializouse en datas 08/01/2025 e 18/03/2025 sen que a empresa manifestase ata hoxe nada en contra.

18.- En data 21/05/2025, unha vez concluído o contrato, concluído o ano de prórroga e superados os dous meses de continuidade do servizo ata o inicio da nova prestación, a empresa URBASER S.A.U solicitou a devolución da garantía definitiva do contrato. Esta solicitude tramitouse no expediente 8891/252 e concluíuse co decreto do Concelleiro



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

delegado de Servizos e limpeza de que procedía a devolución solicitada xa que o contrato fora executado conforme ás condicións do Prego que rexeu a contratación, a satisfacción desta Administración e non se tiña previsto prazo de garantía ningún. Esta resolución foi notificada á empresa en data 20/02/2025 e en data 24/02/2025 a empresa retirou o aval.

19.- En data 19/03/2025, unha vez retirado o aval pola empresa URBASER, a representación legal desta solicitou ao Xulgado do contencioso administrativo número 2 de Vigo, no procedemento ordinario 372/2023 seguido por este e referido no antecedente 9 deste informe, que debido aos feitos sobrevidos con posterioridade á sentenza dese tribunal número 108/24 de 24 de maio (antecedente 11), que implicaron a total execución da sentenza por parte do Concello de Vigo, que se dea por executada a sentenza.

O escrito da empresa ao xulgado indica que esta da por finalizado e liquidado o contrato sen que a Administración adeude importe algún a esa mercantil pola prestación dos servizos de limpeza da casa consistorial e outras dependencias municipais, e que polo tanto non lle queda nada que reclamar ao Concello de Vigo.

20.- En data 21/03/2025 o XCA nº 2 de Vigo emite a dilixencia de ordenación na que indica que recibido o escrito da mercantil URBASER, ten por realizadas as manifestacións nel contidas, pero que atopándose o preito aínda no TSXG, agardarase á súa devolución e logo acordarase.

FUNDAMENTACIÓN

A.- O desistimento pode facerse “en calquera momento anterior á sentenza” (art. 74.1 LXCA) e pode producirse na instancia ou durante a tramitación dos recursos de apelación ou casación. A xurisprudencia o define como “un modo de terminación do procedemento xudicial por actividade unilateral da parte recorrente, que require da aprobación do órgano xurisdiccional que coñece o proceso, e que se encontra limitado a que a extinción do proceso non produza dano para o interese público”.

B.- Vistos os antecedentes, a solicitude de URBASER ao Xulgado de Vigo dándose por completamente resarcida da execución do contrato de limpeza da casa consistorial e outras dependencias municipais, a resposta do tribunal argumentando que o preito está no Alto tribunal de Galicia, e dado que o recurso de apelación que elevou o preito ao TSXG foi interposto por este Concello de Vigo, procede que sexa a Administración Municipal a que desista da apelación polos seguintes motivos:

- 1.- O contrato está completamente finalizado e liquidado a completa satisfacción de ambas partes
- 2.- Tanto na duración inicial, na prórroga, como no período que mediou ata o inicio da prestación do novo contrato adxudicado a ONET, o Concello de Vigo aboou á empresa URBASER o prezo que marcaba o contrato asinado con esta.

3.- A mercantil URBASER manifestou en sede xudicial que da por executada completamente a sentenza por parte do Concello de Vigo, sen que esta administración adebede cantidade ningunha a esa mercantil pola prestación do servizo en prórroga, non quedando polo tanto nada que reclamar.

4.- Manter o litixio no alto tribunal pode supoñer unha sentenza que prexudicase o interese público xa que elo podería implicar ter que aboar á empresa un importe superior ao xa pagado consonte ao contrato, feito este que nin sequera a empresa reclama neste momento, ademais dunha eventual condena en custas.

Por todo o exposto PROPONSE á Xunta de Goberno Local a aprobación do seguinte

ACORDO:

Primeiro, o desistimento do recurso de apelación número 7157/2024 que se está a tramitar ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Segundo, trasladar o presente acordo á Asesoría Xurídica municipal para a solicitude formal do desistimento ante o Tribunal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(598).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DOS EQUIPAMENTOS NECESARIOS PARA A ADAPTACIÓN A GRAO 2 DAS INSTALACIÓNS DAS ALARMAS ANTI-INTRUSIÓN DE 31 CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESPECIAL. EXPTE. 98995/332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 30/07/2025 e o informe de fiscalización do 31/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 30/07/2025, asinado polo técnico medio de actividades Culturais e Educativas, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de 28 de maio de 2025, a concelleira da Área de Goberno de Educación resolveu autorizar e instar ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación dun contrato maior de subministración para a adaptación a grao 2 das instalacións das alarmas anti-intrusión de 31 centros de Educación Infantil, Primaria e Especial.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe de xustificación da necesidade do contrato, asinado pola xefa do Servizo de Educación e pola concelleira delegada de Educación, de data 28/05/2025.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

- Resolución da concelleira da Área de Goberno de Educación de data 28/05/2025 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Memoria económica asinada pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación, pola concelleira da Área de Goberno de Educación e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda o 09/06/2025.
- Documento contable RC 78105, por importe de 70.163,06 euros, de data 10/06/2025.
- Memoria Xustificativa asinada pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación e pola concelleira da Área de Goberno de Educación o 11/06/2025, rectificadora o 29/07/2025-.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) e anexo de data 12/06/2025 redactado pola xefa do Servizo de Educación e polo arquitecto técnico aparellador.
- Declaración dos redactores do PPT, asinada pola xefa do Servizo de Educación e polo arquitecto técnico aparellador en data 12/06/2025.
- Informe de 01/07/2025 da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 30/07/2025 redactado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: Adquisición dos equipamentos necesarios para a adaptación a grao 2 das instalacións das alarmas anti-intrusión de 31 centros educativos de Educación Infantil, Primaria e Especial, en cumprimento da Orde INT/316/2011, de 1 de febreiro, sobre funcionamento dos sistemas de alarma fronte a roubo/intrusión no ámbito da seguridade privada, coas características que se indican no Anexo do Prego de Prescricións Técnicas Particulares.

Duración: A duración estimada do contrato será por un período de 4 (catro) meses a partir da formalización do contrato; non se contemplan prórrogas.

Prezo: Estímase un prezo total do contrato de 70.163,06 euros.

Aplicación orzamentaria: 3230.213.0005 "Reparación sistemas de alarmas colexios e EEI" e bolsa de vinculación.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP). A resolución, segundo o artigo 117 da LCSP, deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto simplificado abreviado da subministración para a adaptación a grao 2 das instalacións das alarmas anti-intrusión de 31 centros de Educación Infantil, Primaria e Especial.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas (e anexo) de data 12/06/2025 redactado polo Servizo de Educación, e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 30/07/2025 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para esta contratación.

3º.- Aprobar o gasto por importe total de 70.163,06 euros IVE incluído, para a contratación da subministración, con cargo á bolsa de vinculación da aplicacións orzamentarias 3230.213.0005 (Reparación sistemas de alarmas colexios e EEI) do vixente exercicio orzamentario do Servizo de Educación.

O valor estimado do contrato estipúlase en 57.986,00 euros.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(599).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ÓPERA "TURANDOT" DENTRO DOS ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025. EXPTE. 10444/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 31/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 30/07/2025, asinado pola técnica de Administración Xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos e pola xefa do Servizo de Festas, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da ópera “Turandot” (10444-335) (PCAP)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 20 de xuño de 2025, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo da ópera “TURANDOT” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 29 de maio de 2025 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 30 de maio de 2025.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 78.650,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 65.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- O 20 de xuño de 2025 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a CENTRO GLOBAL ARDILIA, SL.

Terceiro.- O 27 de xuño de 2025, CENTRO GLOBAL ARDILIA, SL presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 30 de xuño de 2025, reuníronse a xefa do Servizo de Festas xunto coa técnica de administración xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 14.2 do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a CENTRO GLOBAL ARDILIA, SL.

Quinto.- O 1 de xullo de 2025, reúnense novamente a xefa do Servizo de Festas xunto coa técnica de administración xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos para a apertura do “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”. Revisada a proposición, compróbase que se axusta ás esixencias dos pregos.

Sexto.- Cualificada a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP presentada polo licitador no sobre A compróbase que a documentación presentada para a acreditación da solvencia técnica e profesional non acredita a mesma xa que, presenta unicamente declaración xunto coa relación dos traballos realizados. En vista do anterior, acordase outorgar un prazo de 3 días naturais, en base ao disposto na cláusula 17.3 do PCAP, a CENTRO GLOBAL

ARDILIA, SL tendo en conta que a cláusula 9.1.4º dispón que se considerará acreditada a solvencia técnica “se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao 70% orzamento base de licitación do contrato” e que os mesmos “acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación”.

Sétimo.- O 29 de xullo de 2025 ás 14:00 horas reúnenos novamente a xefa do Servizo de Festas xunto coa técnica de administración xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos que constatan que a licitadora presenta a documentación requirida dentro do prazo concedido e, comprobada que esta é correcta enténdese emendada a documentación acreditativa da solvencia técnica e profesional.

Oitavo.- En data 3 de xullo de 2025 recibíuse comunicación da mercantil Monge y Boceta Asociados Musicales, SL como representantes legais da editorial titular dos dereitos de autor da ópera Turandot. En base ao anterior, concedéuselle tramite de audiencia a Monge y Boceta Asociados Musicales, SL e a CENTRO GLOBAL ARDILIA, SL, como licitadora deste procedemento. Recibidas as alegacións de ambas mercantís e as correspondentes autorizacións e licencias, en data 29 de xullo de 2025, procedeuse a asinar o contrato de concesión de autorización para a representación da opera “Turandot” entre ao Concello de Vigo e a mercantil Monge y Boceta Asociados Musicales, SL que ten concedidos os dereitos de explotación da referida obra.

Noveno.- Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación “*dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma*”.

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP “*Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración.*”

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de CENTRO GLOBAL ARDILIA, SL, sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, así como os certificados positivos de débedas da Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como da Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, CENTRO GLOBAL ARDILIA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión ás actas do 30 de xuño e do 1 e 29 de xullo de 2025 de apertura dos sobres A e B e de emenda de documentación, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CENTRO GLOBAL ARDILIAN, SL o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da ópera “Turandot” (10444-335) por un prezo total de 78.650,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.650,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(600).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO EVENTO “LOS 40 SUMMER LIVE” DENTRO DOS ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025. EXPTE. 10450/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 31/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 30/07/2025, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e pola xefa do Servizo de Festas, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do evento “Los 40 Summer Live” (10450-335) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 11 de xullo de 2025, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación da actuación “LOS 40 SUMMER LIVE 2025” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 24 de xuño de 2025 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 3 de xullo de 2025.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 42.350,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 35.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- O 15 de xullo de 2025 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a RADIO VIGO, SA.

Terceiro.- O 23 de xullo de 2025, RADIO VIGO, SA presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

Cuarto.- O 29 de xullo de 2025, reuníronse a xefa do Servizo de Festas xunto coa técnica de administración xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, abriuse o “SOBRE A: DOCUMENTACIÓN PERSOAL”. Cualificada a documentación administrativa, acordouse outorgar un prazo de 3 días naturais ao licitador para a súa emenda, en base ao disposto na cláusula 17.3 do PCAP, notificándoselle o requirimento o día 29 de xullo de 2025. Este presenta a documentación o día 30 do mesmo mes.

O día 30 de xullo de 2025, ás 13:00 horas, reúnense a xefa do Servizo de Festas xunto coa xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, para a apertura e cualificación da documentación presentada, de acordo co previsto na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), aprobado pola Xunta de Goberno local o 11 de xullo de 2025.

Revisada a documentación, comprobouse que esta é correcta e acordase admitir neste procedemento a RADIO VIGO, SA. A continuación ábrese o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA” e revisada a proposición, compróbase que se axusta ás esixencias dos pregos.

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de RADIO VIGO, SA, sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, así como os certificados positivos de débedas da Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como da Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, RADIO VIGO, SA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión ás actas do 29 de xullo de 2025 de apertura do sobre A e de 30 de xullo de 2025 de emenda do sobre A e apertura do sobre B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a RADIO VIGO, SA o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do evento “Los 40 Summer Live” (10450-335) por un prezo total de 42.350 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.350 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(601).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA DE SEGURIDADE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS DE SEGURIDADE EN CENTROS E ACTIVIDADES DA ÁREA DE CULTURA. EXPTE. 3986/341.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 31/07/2025 e o informe de fiscalización da mesma data, sométese a aprobación o informe-proposta do 30/07/2025, asinado polo xefe de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Xestión e promoción Cultural e conformado polo concelleiro delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

ANTECEDENTES

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 14 de maio de 2025.
- Anuncio previo de licitación de data 11 de xuño de 2025.
- Memoria económica asinada con data 24 de xullo de 2025 polo xefe do servizo de Museos Municipais, xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e mailo concelleiro-delegado de Cultura.
- Certificados de retención de crédito de data 24 de xuño de 2025 (operacións nº RC 12025000082943 e 12025000084893 e RCFUT 12025000085116 e 12025000085117).
- Declaración de neutralidade do redactor prego de prescricións técnicas asinado con data 25 de xuño de 2025 polo xefe do servizo de Museos Municipais e mailo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) asinado con data data 25 de xuño de 2025 polo xefe do servizo de Museos Municipais e mailo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.
- Memoria xustificativa asinada con data 25 de xuño de 2025 polo xefe do servizo de Museos Municipais, o xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e maila concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.
- Informe sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública asinado con data 24 de xullo de 2025 pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado con data 31 de xullo de 2025 pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

Segundo: O expediente de contratación se iniciará polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros-delegados de Área, segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xullo de 2023, polo que se aproba a modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de Área de Goberno e nos concelleiros delegados e aprobación do texto refundido (expte 1483/1102), no apartado terceiro, punto 6.

Terceiro: En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade asinou con data 14 de maio de 2025 o informe da necesidade e idoneidade, coa resolución que inicia o expediente da contratación, por procedemento aberto de regulación harmonizada, dos servizos de vixilancia de seguridade, así como o mantemento das instalacións de seguridade (antiintrusión, detección e extinción de incendios, luces de emerxencia), en centros da rede de museos municipais e de bibliotecas públicas adscritos á Área de Cultura.

Cuarto: De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP, consta a memoria xustificativa asinada polo xefe do servizo de Museos Municipais, xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, conformada polo concelleiro-delegado de Cultura e maila concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, o prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP) asinado polo xefe do servizo de Museos Municipais e mailo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, así como o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

Quinto: Na memoria económica xustifícase entre outras cuestións:

- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
- Ao tratarse dun servizo no que o custo económico principal son custos laborais, consta que se consideraron os termos económicos dos convenios colectivos sectoriais, nacionais, autonómicos e provinciais aplicables (artigo 102.1 e 3 LCSP).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

Sexto: Na memoria xustificativa xustifícase, entre outras cuestións:

- Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
- Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
- A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.
- Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
- Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
- Xustificación dos medios persoais e materiais esixidos (artigo 76.2 LCSP).
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP). Ao tratarse dun servizo dos incluídos no Anexo IV da LCSP, o 51% da puntuación atribúese a criterios de calidade.
- Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
- Xustificación das tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación (artigo 215 LCSP).
- Lugar de entrega das prestacións obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Xustificación das condicións especiais de execución (artigos 116.4.c) e 202 LCSP).

Sétimo: No relativo á clasificación do contrato, trátase dun contrato de servizos segundo o establecido no artigo 16 Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do

Sector Público. O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP. A forma de tramitación será a ordinaria. A adxudicación realizarase por sistema de procedemento aberto de regulación harmonizada.

Oitavo De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Noveno: O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento foi emitido pola Intervención Xeral con data 24 de xuño de 2025.

Décimo: Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

Décimo primeiro: A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

1º.- Aprobado a contratación, por procedemento aberto de regulación harmonizada, dos servizos de vixilancia de seguridade, así como o mantemento das instalacións de seguridade (antiintrusión, detección e extinción de incendios, luces de emerxencia), en centros da rede de museos municipais e de bibliotecas públicas adscritos á Área de Cultura.

2º.- Aprobado o Prego de prescricións técnicas que rexerá a citada contratación, asinado con data 25 de xuño de 2025 polo xefe do servizo de Museos Municipais e mailo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

3º.- Aprobado o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, asinado con data 31 de xullo de 2025 pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de **1.547.278,18 €, co IVE incluído (un millón cincocentos corenta e sete mil douscentos setenta e oito euros con dezaoto céntimos)**, sendo o iva a soportar pola administración 268.535,88 €, segundo o seguinte desglose por anualidades e aplicacións orzamentarias:

	2025 (2 outubro-31 decembro)	2026 (1 xaneiro-31 decembro)	2027 (1 xaneiro-1 outubro)
3330.227.01.01	154.687,22 €	627.342,63 €	472.655,41 €
3321.227.01.01	36.073,10 €	146.296,46 €	110.223,36 €

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(602).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “MELLORA E AUMENTO DE AFORO DAS GRADAS DE RÍO E MARCADOR NO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS”. EXPTE. 6762/443.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/07/2025, asinado polo técnico de Administración Xeral- xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO E CUESTIÓNS DE DEREITO

1º. O Pleno do Concello de Vigo, con data 17 de maio de 1989, aprobou a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Real Club Celta de Vigo, S.A.D. co obxecto de regular a utilización por esta entidade deportiva do Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos e dos campos de fútbol de Barreiro e a Madroa; convenio que foi obxecto dunha primeira modificación en sesión do Concello-Pleno, de 28 de maio de 1992, que deu lugar ao texto refundido do mesmo, e dunha segunda novación modificativa, aprobada o 20 de

febreiro de 2009, na que se fixou o prazo de vixencia do convenio para a utilización das ditas instalacións ata o ano 2034.

O título para a utilización do campo de fútbol do Estadio Municipal de Balaídos por parte da entidade deportiva é o devandito convenio de colaboración, no texto refundido, asinado en 1992, e a novación modificativa de 2009.

Este convenio define o alcance da posesión polo Real Club Celta de Vigo, S.A.D. para a utilización dos mesmo.

O Real Club Celta de Vigo (no sucesivo RCCV) asume no convenio (cláusula 5ª) como principais obrigas as de mantemento e conservación ordinaria das instalacións da Madroa (barandillas, portas, vestuarios, servizos públicos, pintura, etc.) incluso o terreo de xogo — permanecendo baixo a responsabilidade do Concello de Vigo a execución das obras de grande mantemento que afecten á estrutura do estadio (voladizos, cubertas, gradas etc.)— así como a de satisfacer os gastos de enerxía eléctrica, auga e calesquera outros servizos que sean consecuencia da utilización do campo polo Real Club Celta de Vigo.

O convenio, na mesma cláusula, establece que o RCCV poderá efectuar, durante a vixencia do convenio, obras e melloras que amplíen as actuais do estadio de Balaídos e dos campos de xogo de Barreiro e A Madroa, as cales revertirán ao concello de Vigo, como titular das ditas infraestruturas deportivas.

2º. Con data 22 de xuño de 2025 o Real Club Celta de Vigo, S.A.D, presenta escrito solicitando autorización , para a execución do proxecto de MELLORA E AUMENTO DE AFORO DAS GRADAS DE RÍO E MARCADOR NO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS, presentando posteriormente por rexistro o proxecto asinado polo arquitecto Pedro de la Puente Crespo e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 28.07.2025.

3º. Respecto do dito proxecto, consta informe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Obras e da Enxeñeira Industrial da Área de Servizos Xerais de data 28.07.2025 no que se indica:

(...)“A actuación desenrolase dentro da propiedade municipal sita en Avd. Fragoso nº 107, no Estadio de Novo Balaídos. As obras a executar enuméranse a continuación:

- **Ampliación do aforo na Grada Marcador Alto, Nivel 2.** Realízase a demolición de tabiquería interior de fábrica de ladrillo para a construción dunha grada de estrutura de aceiro con tratamento en galvanizado, ancorado ao forxado existente. Con un taboleiro de contrachapado fenólico antideslizante fórmanse as huellas e contrahuellas da grada, sobre a que se dispón de catro filas de asentos con un bo ángulo de visualización do campo. Inclúe varandas laterais e traseiras e recubrimento lateral en placas de cemento atornilladas.
- **Ampliación do aforo entre a Grada Marcador e Río.** Sobre o espazo do vomitorio, dispórase dunha estrutura de formigón prefabricado, en continuidade á grada existente. Sobre esta colócanse seis filas de asentos e dous aseos adaptados.
- **Instalación dunha nova escaleira de evacuación** formada por estrutura de aceiro S275HR, ancorada ao forxado existente.
- Finalmente, realizarase todos os traballos de albanelería, alicatados, solados, cerraxería etc. complementarios ás actuacións descritas anteriormente.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1933/1102

Fundamentalmente o obxectivo principal da actuación é incrementar o aforo do estadio mediante a disposición de unha estrutura metálica na Grada de Marcador e una estrutura de formigón sobre o vomitorio entre Grada Marcador e Río.

INFORME:

O planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29/04/1993, coas súas modificacións puntuais, e o Instrumento de Ordenación Provisional 2019. A actuación prevista discorre en solo urbano consolidado e a parcela no seu conxunto atopase dentro do ámbito cualificado urbanísticamente como Sistema Xeral de Equipamentos.

Por outro lado, encóntrase aprobado definitivamente, por acordo Plenario de data 26/05/2025, e pendente nestes momentos da súa entrada en vigor, o PXOM 2025, que inclúe a parcela como Sistema Xeral de Equipamentos Deportivos Existentes (SX-EQ-DE-333-Ex).

As obras non alteran o volume da edificación existente, axustándose ás aliñacións previstas no planeamento.

As obras obxecto do presente proxecto no se encontran sometidas a Incidencia ambiental segundo o Anexo da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, polo tanto non é necesaria a tramitación do procedemento de avaliación ambiental. As obras atópanse fóra de áreas de protección arqueolóxica, arquitectónica e etnográfica.

O proxecto inclúe Memoria, Planos, Prego de condicións técnicas, Orzamento, Memoria de cálculo de estrutura, Xustificación do cumprimento das esixencias de seguridade en caso de incendio (normativa CTE-SI), Xustificación do cumprimento das esixencias de seguridade de utilización e accesibilidade (DB-SUA), Cumprimento do regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas, Estudo de Xestión de Residuos, Estudo Básico de Seguridade e Saúde, Plan de Control de Calidade e está presentado o Oficio de Dirección das obras, polo que a documentación considérase completa e se informa favorablemente o proxecto presentado “MELLORA E AUMENTO DE AFORO GRADAS DE DÍO E MARCADOR. ESTADIO DE BALAÍDOS”.

4º.- Ao tratase dunha obra nun ben municipal, que utiliza o Real Club Celta de Vigo, S.A.D. en virtude do convenio arriba referido e nos termos que se reflicten neste, lle é de aplicación, aínda que a obra a solicite e a execute o Real Club Celta de Vigo, S.A.D., o artigo 147.2 da Lei do solo de Galicia, de acordo co cal «As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto previa acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor».

Unha vez finalizadas as devanditas obras, deberá achegarse certificado final de obra asinado polo redactor do proxecto das obras ou polo director facultativo das mesmas.

Polo exposto, acreditadas no expediente as esixencias do artigo 147.2 LSG, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o proxecto «MELLORA E AUMENTO DE AFORO DAS GRADAS DE RÍO E MARCADOR NO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS», asinado polo arquitecto Pedro de la Puente Crespo e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 03.07.2025 e autorizar ao Real Club Celta de Vigo, S.A.D. para a execución do mesmo, coa advertencia de que as obras que se executen pasarán inmediatamente a ser propiedade do Concello de Vigo.

Segundo.- Designar á Enxeñeira Industrial Dña. C. Tapias Bouso como facultativa municipal aos efectos do seguimento municipal das obras de referencia.

Terceiro.- Notifíquese esta resolución aos interesados con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(603).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez